



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Ordes, a vinte e nove de xullo de dous mil vinte e un.

No Auditorio da Casa da Cultura, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a, ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

NON ASISTE:

- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor Xeral Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR 24/06/2021.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 24 de xuño de 2021, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 24 de xuño de 2021, resultou aprobada por maioría de trece votos a favor, coas abstencións do Sr. Martínez Sanjurjo e do Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde informa aos Srs. Concelleiros das actuación seguintes:

- Informe de data 07/06/2021, da Intervención xeral municipal, emitido en cumprimento das atribucións do art. 4 do R.D. 128/2018, de 16 de marzo, en relación co art. 219 do R.D. Lei 2/2004, de 5 de marzo: Informe de control financeiro mediante o exercicio de control permanente dos gastos e ingresos correspondentes ao exercicio económico 2020, nos termos que determina o artigo 32 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril. O informe conclúe nunha serie de deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun Plan de Acción no que se recollan as medidas de corrección a adoptar, así como o responsable e calendario para a súa implementación, que son as seguintes: Planificar a actividade contractual, evitando a realización de gastos sen cobertura contractual, sen crédito orzamentario, nin expedientes de tracto sucesivo vencidos. Efectuar as propostas de gasto correspondentes previa a realización de obras, subministracións ou servizos que teñan o carácter de contratos menores, ou ben implementar anticipos de caixa fixa para os gastos periódicos ou repetitivos, como os referentes a dietas, gastos de locomoción, material non inventariable, conservación, tracto sucesivo e outros de similares características, en particular ás subministracións de escasa contía. Controlar a execución orzamentaria do Capítulo I, verificando o cumprimento das limitacións legalmente establecidas, sobre todo no referente á percepción de produtividade e gratificacións. Evitar o número excesivo de programas de contratación de persoal, a fin de satisfacer necesidades estruturais mediante dita técnica. Seguir a tramitación interna nos expedientes de contratación menor, así como evitar a contratación de gastos sen a preceptiva cobertura contractual. Efectuar un Plan Estratéxico de Subvencións, así como establecer unha serie de obxectivos que sexan concretos e medibles. Nos expedientes de subvencións limitar os pagos anticipados sen garantía, así como actualizar a Ordenanza Xeral de Subvencións, controlar os prazos de tramitación e levar un seguimento da correcta xustificación das mesmas, así como verificar o cumprimento en prazo de presentación e aprobación das correspondentes contas xustificativas.
- O 25 de xuño de 2021, rexistro de entrada nº 2231, os Srs. Concelleiros do grupo político UxO, pasan a ter a partir da data de presentación deste escrito a consideración de concelleiros non adscritos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

- O 6 de xullo de 2021, rexistro de entrada nº 2407, os concelleiros non adscritos comunican que asistirán de forma individualizada a todas as Comisións Informativas Permanentes.
- Notificacións da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, informes sobre os expedientes de autorización de parques eólicos que afectan a este termo municipal. Parque eólico Ardemil, Parque eólico Berdoias, Parque eólico Alto dos Borrillos e a súa infraestrutura de evacuación, Parque eólico Mistral e a súa infraestrutura de evacuación, Parque eólico Nordés e a súa infraestrutura de evacuación, Parque eólico Pedravante a súa infraestrutura de evacuación, todos eles informados desfavorablemente.
- Inicio en Ordes da execución das obras de creación do primeiro Centro Integrado do Rural de Galicia, no caso de Pontevedra en Lalín, no caso de Ourense en Verín, no caso de Lugo en Sarria, cuxa entrada en funcionamento, operativa total, se espera sexa no ano 2022. A Consellería do Medio Rural fará un investimento en Ordes aproximadamente de medio millón de euros na que se integrarán a Oficiña Agraria Comarcal (OAC), veterinarios e Distrito forestal III.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2020.

Expediente instruído para a aprobación da Conta Xeral desta entidade local, correspondente ó exercicio de 2020, rendida e formulada de acordo co disposto no art. 212 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e as regras 97 e seguintes da Instrución do modelo normal de contabilidade local, contendo así mesmo dita conta tódalas partes que se contemplan na mencionada Instrución de contabilidade, xustificándose mediante os documentos e libros de contabilidade que se establecen nesta.

Visto o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, de data 11/06/2021, e informe de intervención.

Visto que durante o período de exposición ó público da Conta Xeral mediante anuncio no BOP nº 113, de fecha 17/06/2021 e taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello non se formularon reclamacións algunha contra esta.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as Entidades locais como xestores de fondos públicos teñen a obrigaçión de informar, xustificar e responsabilizarse da actividade económico-financeira que realizaron durante un ano. Para iso, teñen que elaborar as súas contas anuais que reflicten a forma na que se desenvolveu esta



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

actividade. A rendición de contas é o acto administrativo mediante o que os responsables da xestión dos fondos públicos ou contadantes informan, xustifican e responsabilízanse da aplicación dos recursos postos á súa disposición nun exercicio económico. A responsabilidade en que se concreta a rendición de contas é independente da responsabilidade na que incorran quen adoptou as resolucións ou realizaron os actos reflectidos nas devanditas contas, e así, a regra 49, apartado 4, da ICAL sinala que a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. As Entidades locais están obrigadas a render as súas contas ao Tribunal de Contas e aos Órganos de Control Externo das Comunidades Autónomas (OCEX) e esta obrigación é a que se denomina como obrigación de render contas. Os órganos de control externo, Tribunal de Contas e os OCEX, teñen asignadas as funcións do control sobre a actividade económico financeira das administracións públicas, para garantir que esta actividade realízase de acordo coas normas e de forma eficiente. Entre estas funcións está controlar e impulsar que as Entidades locais elaboren e rendan as contas anuais. Ademais moitos axentes necesitan e demandan a información que conteñen as contas anuais das Entidades locais: os órganos de xestión, para poder tomar decisións, os plenos das Entidades locais, as asembleas legislativas das Comunidades Autónomas, Cortes Xerais, os cidadáns, empresas ou institucións financeiras aos cales lles interesa coñecer, por diferentes motivos, cal foi a actividade económica das Entidades locais e a súa situación financeira e patrimonial. O artigo 201 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais establece a obrigación ás Entidades locais de render as súas contas. De acordo co artigo 223 da mesma norma, as Entidades locais están obrigadas a aprobar e render a Conta xeral do exercicio. A Conta Xeral está formada polas contas anuais da Entidade local e das súas entidades dependentes e os estados que compoñen as contas anuais son o Balance de situación, a conta de resultados económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, a liquidación dos orzamentos e a Memoria. A Conta xeral é un conxunto de documentos e estados que a Entidade local ten que elaborar ao final de cada ano para informar sobre: A situación do patrimonio, é dicir, a situación dos bens e dereitos da Entidade local, do seu financiamento e dos seus préstamos e débedas ao final do ano. Os gastos, ingresos, beneficios e perdas da Entidade local durante o ano ao que se refire a Conta xeral. Como se executou o orzamento da Entidade local, é dicir, ofrece información sobre canto e en que se gastaron os recursos que se obtiveron nese ano, cantos recursos obtivéronse no ano e cales foron eses recursos. Tamén se informa sobre a forma na que se realizaron eses gastos e ingresos. A Lei establece cal debe ser esa información e como se debe elaborar. En concreto, a información que teñen que elaborar ao finalizar o ano é a denominada Conta xeral, que se atopa regulada nos artigos 208, 209, 210 e 211 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas Instrucións de Contabilidade Local. A estes efectos a citada Conta Xeral contén todos os documentos que a deben integrar. Reiterar que, de conformidade co disposto na regra 49, apartado 4, da ICAL, a aprobación da conta xeral é un acto esencial para a fiscalización desta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas. O expediente da conta xeral que se presenta para o ditame da Comisión Informativa inclúe a totalidade da documentación e dos estados contables aos cales refírense tanto o TRLRFL como a ICAL. A dita conta foi formada pola intervención municipal, a cal elaborou tamén un informe explicativo da mesma para unha mellor comprensión



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

das distintas magnitudes contables e orzamentarias, se ben ningunha norma expresa a necesidade da emisión do mesmo. Breve resume das magnitudes que se deducen do informe elaborado pola intervención. 1. Respecto ao Balance. Diminuíu lixeiramente o activo fixo respecto ao total, pasando do 94,36% ao 93,42%. Incrementáronse os recursos permanentes respecto ao pasivo total (do 93,86% ao 94,93%). O pasivo a longo prazo (créditos con entidades e co Estado pola devolución da PIE) diminuíu de 2.666.017,74 € a 2.624.708,53 € (porcentualmente nun 1,55%). Cabe lembrar que o custe da débeda en xuros é insignificante (59,83 € no exercicio 2020) o que ven motivado pola substitución da débeda bancaria pola Deputación e os baixos tipos de xuro, o que non invita a realizar máis amortizacións que as estritamente necesarias. O pasivo a curto prazo (acreedores e a parte dos préstamos a pagar no exercicio seguinte) diminuíu de 1.210.027,23 € a 757.733,16 (nun 37,38%). En consecuencia as débedas a longo e curto prazo pasaron de 3.876.044,97 € a 3.423.750,90€, cunha diminución do 11,67%. O fondo de manobra (diferencia entre os recursos permanentes e o activo fixo ou, o que é o mesmo, entre o activo circulante e o pasivo a curto prazo) é positivo por importe de 3.627.056,06 €. Como o seu propio nome indica, o fondo de manobra refírese á capacidade (manobra) que ten unha empresa, neste caso unha Administración, para poder atender os seus pagos a curto prazo e, á vez, poder realizar investimentos necesarios. Se nun momento determinado se tivesen que devolver todas as débedas a curto prazo (Pasivo corrente) que acumulou a corporación, o FM é o que quedaría do activo corrente. O dito fondo de manobra incrementouse nun 54,17%. No tocante ao endebedamento diminuíu o total, o endebedamento a longo prazo e o endebedamento a curto prazo. Así a débeda total por habitante pasou a seren de 267,92 €, diminuíndo nun 12,40% respecto ao exercicio anterior. Respecto ao endebedamento total comparado cos recursos ordinarios pasou do 41,01% ao 37,53%. Do sinalado dedúcese un alto grao de liquidez e solvencia. 2. Respecto ao Resultado económico-patrimonial. Xerouse un incremento do patrimonio, isto é, un beneficio, de 2.669.252,96 €. 3. Respecto ao estado de fluxos de efectivo. O efectivo e activos líquidos equivalentes ao final do período ascende a 4.114.512,79 €. 4. Respecto á liquidación dos orzamentos. O grao de realización dos dereitos por operacións correntes foi elevado (do 95,49 %). Respecto ás operacións de capital foron do 84,22%. O total foi do 86,04% das previsións, se ben debe terse en conta que non se teñen en conta as modificacións financiadas con RLT^a (pois non xeran dereitos recoñecidos) que se incorporaron por importe de 1.138.292,05 €, co cal daríanos unha execución do 97,24%. Respecto aos estados de gastos, a execución acadou o 82,81% no caso das operacións correntes e o 76,33% do total. Os pagos líquidos foron do 96,01% das obrigas recoñecidas. O aforro neto legal é positivo ascendendo a de 2.132.168,62 €, representando un 23,66% dos ingresos liquidados por operacións correntes, sendo o nivel de endebedamento bancario (incluíndo a Deputación) de 29,99% dos mesmos. O resultado orzamentario axustado legal é positivo por importe de 1.081.917,86 €. O remanente de tesourería para gastos xerais foi de 3.597.290,46€. A liquidación dos orzamentos cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria (capacidade de financiamento de 1.314.498,84 €), regra de gasto, límite de débeda e período medio de pagamento (de 1,47 días en decembro de 2020). No entanto, cabe sinalar que as regras fiscais atópanse suspendidas para os exercicios 2020 e 2021, por Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 e a apreciación polo Congreso dos Deputados, na súa sesión de data 20 de outubro de 2020, de situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais. Remarcar o feito de que non se trata de analizar se a xestión foi boa ou



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

mala, xa que desta responderán, de ser o caso, os xestores, senón que a aprobación da conta ven sendo un acto formal necesario para a súa rendición aos órganos de control externo. En resume, trátase dun documento de carácter contable, non se valora a boa ou mala xestión.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que sinala que o goberno municipal ten maioría absoluta, non va por ningún impedimento para a súa aprobación. É un trámite legal.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como ben dixo o Sr. Alcalde non se trata de falar da xestión, senón do estado das contas. Tampouco van a por ningún tipo de oposición.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a conta xeral do exercicio 2020 pon de manifesto unha vez máis o que ven sinalando o BNG no debate dos orzamentos municipais do exercicio 2021, que é a suba de impostos que o goberno do PP lle está a aplicar á veciñanza. Se comparamos a Conta Xeral do ano 2015, ano no que entraron vostedes a gobernar coa do ano 2020 que estamos hoxe a debater observamos unha suba de 408.900 € na recadación de IBI rústica e urbana, recadada directamente do peto dos veciños de Ordes. No ano 2015 recadáronse por estes dous conceptos 2.086.000 € e no ano 2020 recadáronse 2.495.000 €. Cantidad que se verá incrementada para o ano 2021 como se verá o ano que ven cando debatamos a conta xeral do ano 2021. É de destacar segundo o informe de intervención que no ano 2021 non se pagou ao concello o canon da residencia de maiores, o que supón 36.500 €. No tocante á débeda municipal no 31 de decembro de 2020 cando se pecha o exercicio o endebedamento total é de 2.702.000 €. Dos cales 693.000 € corresponden á débeda con entidades bancarias e 2.009.000 € corresponden a débedas con outras administracións públicas, neste caso á Deputación Provincial de A Coruña que nos presta eses cartos para amortizar débeda bancaria, que os presta a xuro cero. Tamén amos a que o remanente líquido de tesourería é de 4.114.500 €. Se votamos a vista atrás a conta xeral do exercicio 2019 revelaba que este remanente líquido de tesourería era de 3.292.900 €. Que nos di isto, que no ano 2020 o goberno municipal adicouse a aforrar 821.500 € no ano en que ante os estragos da Covid-19 os hostaleiros e comerciantes reclamaban axudas para evitar o peche dos seus negocios. O concello de Ordes tiña 4.114.500 € dos veciños de Ordes paralizados nos bancos sen que o goberno municipal atendese necesidade da veciñanza. Non se organizaron campañas de impulso e dinamización do comercio e da hostalería como se levaron a cabo noutros concellos e dos que se beneficiaron tanto os negocios como a veciñanza ao dispor de importantes descontos. Non se actuou para ofrecer á veciñanza unha nova escola infantil cando dun xeito sinxelo e con poucas obras poderíase implantar unha Galiña Azul no antigo Centro Comarcal que está baleiro. Non saben que facer coa Casa do Concello, trasladando alí os servizos municipais liberaríanse espazos para implantar novos servizos ou mellorar incluso os existentes. Tamén se mantén a estación da Pontraga abandonada, a parcela do karting asemella un vertedoiro, o rural segue carecendo de moitos servizos básicos de saneamento e abastecemento.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que sinala que seguen mantendo o que dixeron na intervención anterior. A aprobación da conta xeral é un mero trámite. En que se debían empregar os cartos xa o dixeron no debate dos orzamentos. Non vamos a por ningún impedimento.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non se trata de fiscalizar ao goberno municipal. Non van a oporse.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que seguindo coa análise da Conta Xeral. O informe de resumo das observacións e notas de reparo da intervención municipal volven a incidir novamente en que irregularmente se están a recibir facturas por servizos prestados ou subministrados realizados fora do período de vixencia dos respectivos contratos, sen que estes fosen prorrogados. Están a falar de sete servizos, reclamación de danos, guindastre, asesoramento xurídico, xestión da escola infantil, asistencia técnico urbanística, mantemento dos alumeados públicos, recollida de papel e cartón. Contratos vencidos dos que son responsables de manter unha situación irregular ao manterse unha prórroga tácita sobre os mesmos, que tal como indica o informe da intervención non está permitida pola lei de contratos do sector público. Tamén neste documento o interventor advirte que foron tramitados como contratos menores facturas habituais todos os meses por servizos prestados que deberían ser obxecto dun expediente de contratación. No ano 2020 formuláronse pola intervención municipal reparos suspensivos en oitenta e sete facturas. Esta situación irregular é recorrente ano tras ano. O goberno non é quen de regularizar os contratos vencidos, nin abrir os correspondentes expedientes de contratación para evitar facturas desoíndo unha vez máis as recomendacións que lle fai a intervención. En base a todo o exposto é polo que imos a votar en contra da aprobación da conta xeral do exercicio 2020.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é reiterativo, repetitivo e sempre dicindo o mesmo, nada novo. Non teñen capacidade ningunha para sacar ningunha conclusión distinta, medianamente solvente e intelixente do que é a xestión municipal. O único que demostra é que vostede non ten capacidade, nin nunca van a ter a oportunidade de xestionar un euro de diñeiro público neste concello. Sorte para os veciño. Agardemos que sexa por sempre, por moitos anos, que non o teñan que ver. Que repetitivos son co tema do IBI, coa suba de impostos. Isto está máis que falado, a regularización. Se vostedes non querían que eses catrocentos mil euros pasasen a formar parte das arcas municipais, tiñan que se ter posto en contra de que se regularizasen eses bens inmoebles. Era moi inxusto o que acontecía neses momentos que nunha mesma aldea houbera xente que estivese pagando pola súa vivenda e polas súas construcións e os demais non pagasen absolutamente nada. Ese é o exemplo que quere dar o BNG aos veciños de Ordes. O IBI no ano 2015 tiña un tipo do 0,60, no ano 2020 ten un tipo do 0,50, a baixada foi preto do 17%, no ano que ven terá un tipo do 0,48%. Xa sabe que o BNG o levaría ao 0,42 ou 0,40%, farían mil aventuras, pero non lles toca decidir neso, so propoñer. Dende logo que saber cadrar



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

as contar, falar do que teñen que falar, cero. Aventuras no aire e palleiros, que o único perigo que teñen é que prenda unha chispa e arda todo e nos quedemos absolutamente sen nada. Menudos exemplos que está a poñer sen facer absolutamente ningún número para ver como se pode dispor do remanente de tesourería e do remanente para gastos xerais. Xa lle vale que levando máis de catro anos de concelleiro sega a confundir o remanente de tesourería co remanente para gastos xerais, xa llo dixo en varias ocasións con anterioridade, o segue a confundir. Ou o resultado da tesourería que temos nas arcas municipais, que tamén o segue a confundir, estude. Colla o manual de concelleiro e o aprenda, faille moita falta. Non estiveron aforrando, estiveron xestionado o diñeiro municipal e chegaron a acadar unha execución do 98%, iso tamén o di o informe de intervención. Non se poden facer maravillas, malabares ou cousas irrisorias ou ridículas para tratar de vender fume como é o que lle gusta a vostedes. Atendéronse todas e cada unha das demandas da veciñanza sobradamente, especialmente as dos servizos sociais. Vostedes non foron dos que pasaron por alí cando había necesidade de votar unha man. Outros compañeiros da corporación si o fixeron, vostedes xamais, e facía moita falta neses momentos. Non veñan aquí a dar leccións de cómo atender as necesidades da veciñanza de Ordes, ningún concelleiro do BNG se brindou a votar unha man en ningún momento para atender as demandas nos momentos máis sensibles da pandemia. Unicamente estaban pendentes de criticar nas redes sociais ou pedir reunións, pero achegarse alí a votar unha man cero. Moi a gusto na súa casa mirando como traballaban os demais. Esa é a súa comodidade e o seu exemplo, a veciñanza tamén o viu e tamén o percibiu. Tamén o debe coñecer e o farán as veces que faga falta por que ese é o exemplo que deron vostedes durante os meses de pandemia. Todos e cada un de vostedes. O único que facían era saír á fiestra para gravar o que facía o concelleiro e animar o carnaval a ver se o podían criticar ou o pillaban nalgunha allada. Ese é o seu exemplo máis o dos seus acólitos que lle fan de palmeiros día a día nas súas reunións de charangas, que case podo considerar infantís que teñen e seguen mantendo a día de hoxe. Vir a falar aquí da escola infantil cando xa temos moi avanzado o proxecto parécelle ridículo, xa sabe que a vostede non lle interesa para nada o proxecto de escola infantil que quer facer este goberno. Ten outra idea de escola infantil do chiringuito da Galiña Azul do bipartito, non é o seu proxecto que é totalmente distinto. Ve moi fácil coller o Centro Comarcal e convertelo nunha Galiña Azul, faga un proxecto e faga os números, faga as contas e despois fale cos técnicos que son os que teñen que analizar, distribuír os espazos e os convenza de que aquilo é viable. Non era viable, xa o analizaron no ano 2015, non no ano 2019 cando vostede parécelle que tivo unha ocorrencia, que estes nunca o pensaron antes, ía mal outra vez. Tampouco lle van a contar o que van a facer no que queda do 21, 22 e 23. É a súa función o facelo, por que están gobernando e teñen o apoio maioritario da veciñanza a día de hoxe. Igualmente coa estación da Pontraga, cree que non é consciente de que hoxe aprobouse un Obradoiro de garantía xuvenil da Mancomunidade e que integramente por acordo unánime de todos os concellos vaise a rehabilitar integramente o edificio da estación da Pontraga e que todos os anos se está a investir unha parte das actuacións alí. Viu o que cambiou a estación do ano 2015 a o ano 2021, tivo a decencia de ir a visitala. Despois que ten que loitar, pelexar polo proxecto, presentalo por terceira vez, o traballo o fan os técnicos e a concelleira de emprego e os concellos que nos votaron unha man para que ese obradoiro de garantía xuvenil sexa unha realidade. Nunca se investiu no rural tanto como nos últimos derradeiros seis anos, xamais. Houbéralles gustado investir máis. Onte saíu



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

unha licitación de máis de trescentos mil euros nunha única actuación, dos dous millóns cen mil euros que se aprobaron de remanente no ano 2020, máis do setenta por cento vai de actuacións no rural. Temos agora enriba da mesa varios proxectos para actuacións no rural. Proxectos do POS do ano 2020 que quedaron esquecidos tamén tiñan previsto actuacións no rural e están recuperados para o ano 2021. Parécelle normal que a Deputación Provincial aprobe o POS+ 2021 fai quince días e que o POS+ Complementario sexan capaces de resolvelo nunha semana e media. Que xestión é esa, vostede fala de que aquí non atendemos as demandas dos veciños. Deputación goberno PSOE-BNG exemplo de xestión, deixaron sen executar o 41% dos orzamentos do ano 2020. Ese é o exemplo que nos dan, a área económica a leva o BNG. Xa me dirá que exemplo é iso, ten como función o apoio a todos os concellos. Exemplo cero. Tarde mal e arrastro o PEL Reactiva, para vender fume e despois derivarlle todo o traballo aos concellos. É unicamente saír na prensa en dobres páxinas. Despois veñen a queixarse aquí dun goberno do PP que conseguiu acadar unha execución do orzamento do 98% e que tratou en todo momento de axudar aos máis desfavorecidos que era o máis importante e que fixo achegas históricas aos servizos sociais e aos máis desfavorecidos no ano 2020 e aí están as contas de resultados. Esa é a realidade, os feitos, non a súa palabrería. Contratos vencidos, 87 facturas de reparos suspensivos. Cantas facturas aproba o concello de Ordes, é certo que temos contratos vencidos, xa llo dixemos noutras ocasións, oxalá tivéramos dous ou tres interventores e déramos feito todo o traballo que hai na administración municipal. Non teño inconvinte e dicirlle ao interventor que deixe de atender outras moitas cousas se así o considera oportuno para dedicarse única e exclusivamente a regularizar os contratos vencidos, pero hai que traballar e facer a xestión do día a día. hai moitas cousas que atender. Todos e cada un deses reparos como pode comprobar están levantados e xustificados, polo tanto non cometeron ningunha irregularidade e irán pouco a pouco regularizando a situación, por que é a súa obriga, non están a facer ningunha falcaturada como trata de dicirnos aquí. O exercicio da conta xeral de 2020 amosa uns resultados satisfactorios. Quere agradecer o traballo de todos e cada un dos técnicos da administración municipal, da xente da mancomunidade, de xente anónima que o ano pasado fixo un esforzo inmenso por votar unha man nas súas horas libres, por compañeiros da corporación que tamén se acercaron a votar unha man. Quere e desexa que esta conta xeral para o ano 2021 aínda satisfaga esa recuperación económica que tanto necesitamos. Xa fixemos unha aportación importante de incorporación de remanentes, agarda poder facer outra antes de que remate o ano para poder sacar adiante proxectos que son necesarios para todos os veciños en diferentes parroquias, na vila, que van a ser a nivel de servizos un antes e un despois para a vila de Ordes. Seguirán a traballar no día a día, daránlle solución á Estación da Pontraga, ao Karting, ao Centro Comarcal, conseguirán outros bens inmobles, outro equipamento deportivo e sacarán adiante moitas das necesidades e compromisos que queren darlle forma polo ben de todos. Despois as pancartas e as bandeiras que é o seu. As faixas que moitas veces criticamos e despois poñemos sen ter autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Iso non importa por que como somos o BNG facemos o que nos peta e o que nos da a gana, e damos exemplo so cando nos interesa. Quedan respostados todos e cada un dos puntos do que quixo contar, como lle dixo en múltiples ocasións segue mentindo e levar a confusión á veciñanza, non o vai a lograr por que unicamente se basea no descoñecemento total e absoluto do que é a administración municipal e a xestión dos recursos públicos, esa é capacidade que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

vostede nos demostra, iso é moi perigoso que siga intentando enganar aos veciños utilizando palabras necias en moitos casos, pero o que é máis grave tratando de dar datos e información que para nada se basean na realidade do que é a xestión da conta xeral e outras moitas cuestións da fiscalización municipal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (grupo político PP), dous votos en contra (grupo político BNG) e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020 nos termos e coa documentación que consta no expediente.

2º.- Render a Conta Xeral ao Tribunal de Contas desta Comunidade Autónoma, nos termos previstos no art. 223.2 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e na Regra 51.2 da Instrución do modelo normal de contabilidade local (Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro).

4. ALEGACIÓNS APROBACIÓN MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

Visto o acordo do Pleno, de data 27 de maio de 2021, de aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

Vistas as alegacións presentadas durante o trámite de información pública mediante anuncio publicado no BOP nº 103, de data 03/06/2021.

Visto o informe da Secretaría Xeral, de data 21 de xullo de 2021, que se transcribe a continuación:

“En relación co expediente incoado para a modificación da relación de postos de traballo (trámite información pública) e en virtude do establecido no art. 3.3.d.6º do R.D. 128/2018, do 15 de marzo e artigos 172 e ss do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), emítase o seguinte,

INFORME

ANTECEDENTES:

. Acordo do Pleno de data 27/05/2021, de aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

. Trámite información pública BOP nº 103, de data 03/06/2021.

. Alegación presentada por UNIÓN SINDICAL OBRERA, con data 29/06/2021, nº de rexistro REGAGE21e00011719070.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

- . Alegacións presentadas por PEDRO PALBO QUINTEIRO VAAMONDE, con data 30/06/2021, rexistro de entrada nº 20219990001364.
- . Alegacións presentadas por NATALIA RAÑA FUENTES, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 2366.
- . Alegacións presentadas por RAQUEL PÉREZ RODRÍGUEZ, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 202100000002367.
- . Alegación presentadas por JAIME VEIGA NOYA, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 202100000002368.
- . Alegacións presentadas por ROBERTO TIZÓN MIGUÉNS, responsable de Administración Local CIG comarca de A Coruña, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 202199900001373.
- . Alegación presentada polo COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA, recibida o día 30/06/2021, no correo electrónico alcaldia@ordes.gal

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable

A lexislación básica aplicable é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 (LPXE 2021).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

SEGUNDO:

I.- ALEGACIÓN PRESENTADA POLA UNIÓN SINDICAL OBRERA (USO)

So será obxecto de análise a alegación segunda. A alegación Primeira, é unha xustificación da condición de interesada neste expediente (art. 4 Lei 39/2015, de 1 de outubro), a alegación Terceira é unha demanda dunha determinada política de prestación de servizos e de emprego público.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Alegación **SEGUNDA**: “Necesidade de funcionarización das prazas de persoal laboral fixo previstas na RPT (BOP nº 180, de data 20/09/2010), deberán cubrirse definitivamente as prazas que se encontran vacantes, funcionarizar as prazas que están ocupadas por persoal laboral e deben ser desempeñadas por funcionarios de carreira e proceder á consolidación /estabilización dos empregados públicos temporais”.

A funcionarización do persoal laboral fixo que realice funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario axustarase ao establecido na Disposición transitoria Segunda do R.D.Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Disposición transitoria Primeira da Lei 2/2015, de 29 de abril.

A RPT aprobada no ano 2010, xa contempla como funcionarios os postos que na actualidade están a ser desempeñados por persoal laboral fixo (que están a realizar funcións ou desempeñan postos de traballo que deben considerarse propios de persoal funcionario). Postos 01.01.01 (Secretario/a particular Alcaldía), 02.01.02 (Encargado emisor local), 10.02.01 (Técnico xestión biblioteca), 11.01.01 (Oficial), 11.01.03 (Oficial) e 11.02.02 (Oficial).

A cobertura de prazas vacantes, así como a consolidación/estabilización dos empregados públicos temporais axustarase ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. No ano 2021 no establecido no art. 19 (Oferta de emprego público) e Disposición adicional vixésima terceira (Procesos de estabilización ao abeiro do artigo 19.uno.6 da Lei 3/2017, de 27 de xuño), da Lei 11/2020, de 30 de decembro.

En calquera caso, o recente Real Decreto-lei 14/2021, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020. Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

II.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR PABLO QUINTEIRO VAAMONDE

Alegación **PRIMEIRA**: NO RELATIVO AO CAMBIO DO SUBGRUPO A1 AO SUBGRUPO A2

Como sinala a Memoria explicativa da modificación da RPT do Concello de Ordes esta entidade local dentro da potestade de autoorganización decide suprimir o posto **vacante** de Xefe de Gabinete de Comunicación (A1) e a creación dun posto de A2 denominado Técnico/a de comunicación e prensa, co que se trata de consolidar unha praza de persoal laboral temporal de carácter estrutural.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

O Sr. Quinteiro Vaamonde nunca exerceu as funcións propias do posto de Xefe de Gabinete de Comunicación é si as de xornalista segundo establecido nas Bases que rexeron o concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal dun xornalista (Convocatoria ano 2008).

A clasificación do posto de Técnico/a de comunicación e prensa no subgrupo A2 non prexudica ao Sr. Quinteiro Vaamonde, por que segue a esixirse como titulación estar en posesión dun título universitario de grao.

O Ar. 76 do R.D. Lexislativo 2/2015, de 30 de outubro, sinala que a clasificación dos corpos e escalas en cada Subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade das funcións a desempeñar e das características das probas de acceso.

Das funcións que a modificación da RPT atribúe ao posto de Técnico/a de comunicación e prensa, non pode concluírse que o nivel de responsabilidade deba levarnos a incluír este posto no subgrupo A1, que en ningún caso se aproximan o máis mínimo aos postos clasificados no subgrupo A1, distintos dos postos reservados aos funcionarios FHN, como son o posto 04.00.04 (T.A.X.) e o posto 7.00.01 (Arquitecto. Xefe de Departamento de Urbanismo), que como sinala o art. 21.1 da Lei 2/0215, de abril, participan directamente no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais desta entidade local.

En canto ao nivel de coñecementos para un posto de Técnico de comunicación e prensa, estes van a ser sempre moi inferiores aos que se piden para un posto de TAX ou Arquitecto. Xefe de Departamento de Urbanismo, por que as funcións a desempeñar do primeiro en comparación cos segundos non esixen un coñecemento exhaustivo, amplo e específico da lexislación aplicable ás entidades locais (lexislación de réxime local, de procedemento administrativo, contratación, persoal, urbanismo, expropiación forzosa, protección de datos, unión europea, lexislación civil e laboral, ...etc.). Esta diferenza de coñecementos vai a ter unha incidencia moi clara no nivel de esixencia das probas de acceso para ocupar cada unha das prazas correspondentes a estes postos. Nivel de probas de acceso que será moi inferior para o posto de Técnico/a de comunicación e prensa.

O Concello de Ordes nunca asumiu, de xeito tácito, que a praza de xornalista vai ligada ao posto de Xefe de Gabinete de Comunicación. Como pode comprobarse no Cadro de persoal para o exercicio 2020 (BOP nº 115, de data 24/07/2020), diferénciase:

Funcionario: Grupo de Programa 491, Xefe de Gabinete de Comunicación (1), Grupo A1, Nivel 24. **Vacante sen consignación orzamentaria.**

Persoal laboral temporal: Grupo de Programa 491, Periodista (1).

Alegación SEGUNDA: NO RELATIVO AO NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO (CD)



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

A Memoria explicativa da modificación da RPT determina o nivel 24 de CD para o posto de Técnico de comunicación e prensa. Nivel 24 de CD que é o mesmo que se aprobou no ano 2010 para o posto de Xefe de Gabinete de Comunicación, e que se determinou que é o que debe corresponder ao mesmo.

O Sr. Quinteiro Vaamonde, agora, para un posto de Técnico/a de comunicación e prensa propón un nivel 26 de CD, superior ao de Xefe de Gabinete de Comunicación, e cunhas funcións inferiores ás atribuídas ao posto que é obxecto de supresión coa modificación da RPT.

Alegación TERCEIRA: NO RELATIVO AO COMPLEMENTO ESPECÍFICO.

A Memoria explicativa da modificación da RPT, aínda que de forma sucinta, sinala que en canto ao complemento específico considerase axeitada a súa correspondencia coa valoración actual do posto de Técnico de biblioteca, A2, considerando que son postos que teñen funcións idénticas e soamente se adaptan ao servizo no que se van a desempeñar.

O Sr. Quinteiro Vaamonde na súa alegación propón un CE equiparable, excepto no apartado de valoración do factor dedicación, aos funcionarios clasificados no grupo A, subgrupo A1 (distintos dos funcionarios FHN), posto 04.00.04 (T.A.X.) e o posto 7.00.01 (Arquitecto. Xefe de Departamento de Urbanismo). Esta equiparación faise sen xustificación algunha de por que o posto de Técnico/a de comunicación e prensa ten a mesma dificultade técnica, responsabilidade, incompatibilidade e penosidade para que sexa necesario recoñecerlle o mesmo CE que a estes funcionarios.

Reiteramos o sinalado na análise da alegación primeira en canto a diferenza entre as funcións, responsabilidade e nivel de coñecementos esixibles a cada posto

Entendemos que o Sr. Quinteiro Vaamonde considera o seu posto de traballo e a súas funcións moi importantes, pero non alcanzamos a comprender dende o coñecemento que temos das administracións públicas en xeral, e da administración local en particular, como o nivel de responsabilidades de funcionarios que realizan tarefas de xestión, estudo e proposta de carácter administrativo de nivel superior [art. 169.1.a) do R.D. Lexislativo 781/1986, de 18 de abril], así como as súas funcións son equiparables ás dun posto de traballo que esencialmente xestiona e transmite publicamente información periodística.

III.- ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR NATALIA RAÑA FUENTES, RAQUEL PÉREZ RODRÍGUEZ E JAIME VEIGA NOYA.

Os interesados presentan as mesmas alegacións, co mesmo contido, polo que serán obxecto dunha análise conxunta.

Alegación PRIMEIRA:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Os interesados cualifican de despropósito a afirmación que atribúen a esta administración local da dificultade de valorar o número de temas para unha praza de persoal laboral. Seguidamente sinalan que non é aceptable valorar postos de traballo de persoal laboral segundo os criterios xerais do Manual de Valoración de Postos e para outros se acuda aos convenios de sector de diferentes actividades, agravio comparativo entre o persoal laboral municipal.

A afirmación contida nas táboas de valoración dos postos da modificación da RPT, que sinala “Téñase en conta que unha parte importante da valoración do complemento específico está no número de temas necesarios para poder acceder á praza, cousa difícil de valorar no caso de persoal laboral, ao poderse acceder mediante concurso-oposición o incluso concurso” ven motivada por que así como o art. 8 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, establece un número mínimo de temas segundo o grupo de clasificación para os funcionarios, non está determinado este número mínimo de temas para a selección de persoal laboral.

Na alegación non se sinala que postos de persoal laboral se valoran segundo os criterios xerais do Manual De valoración de Postos e para que outros se acude ao convenio de sector de diferentes actividades.

A Memoria explicativa da modificación da RPT sinala “Aínda que non sexa necesario facer valoracións dos postos de traballo de persoal laboral, para evitar situacións de discriminación ou diferencias entre os empregados públicos do Concello de Ordes, xustifícanse os importes retributivos deste persoal que presta os seus servizos en réxime de relación laboral”.

O art. 22 do R.D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, clasifica as retribucións básicas dos funcionarios en básicas (art. 23) e complementarias (art. 24). En cambio para a determinación das retribucións do persoal laboral, o art. 27, sinala que se determinarán de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo.

Analizada a Memoria descritiva da modificación da RPT, todos os postos de traballo de persoal laboral teñen asimiladas ás súas retribucións ás de persoal funcionario, con indicación dun salario en función dun grupo de clasificación, dun CD en función do nivel asignado e un complemento específico (CE). En todos os casos as retribucións son superiores ao convenio colectivo que lles puidese ser de aplicación.

As mencións na modificación da RPT aos convenios de sector de diferentes actividades fanse simplemente a efectos comparativos, garantindo que o salario fixado na modificación da RPT non é inferior ao sinalado polos convenios de aplicación.

Alegación SEGUNDA:

Os interesados sinalan que os postos de monitor-socorrista están sendo ocupados por un período de tempo superior aos tres anos polo que atendendo á lexislación laboral e



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

xurisprudencia da sala do social do TS, deben ser considerados estruturais e recibir o mesmo trato ao valoralos que o resto dos postos ocupados por empregados fixos do Concello.

Isto xa se cumpre coa modificación da RPT, na que se inclúen como postos de persoal laboral fixo todas as prazas de persoal laboral temporal que veñen sendo ocupadas cun contrato de traballo de duración superior aos tres anos. Como se dixo na alegación anterior faise unha valoración de todos os postos de traballo de persoal laboral fixo incluídos na modificación da RPT.

Alegación TERCEIRA:

Os interesados reclaman a clasificación do posto de persoal laboral de socorrista-monitor como grupo B, para cuxo acceso se esixe estar en posesión do título de técnico superior, por ser a titulación (TAFAD) que esixe o Concello de Ordes nos procesos de selección do persoal que presta servizos na piscina climatizada municipal como socorrista-monitor, así como a titulación que foi esixida ao persoal subrogado unha vez extinguida a concesión do servizo.

É incorrecto afirmar que o Concello de Ordes ven esixindo en todos os procesos selectivos de persoal laboral de socorrista-monitor para a piscina climatizada municipal estar en posesión dun título de técnico superior.

No BOP nº 9, de data 15/01/2016, publicáronse as Bases para a selección de persoal laboral temporal dun posto de monitor/a - socorrista adscrito/a a servizos prioritarios ou esenciais na piscina municipal climatizada de Ordes, na que se sinala: "A titulación mínima esixida para poder tomar parte na convocatoria é estar en posesión ou en condicións de obter na data en que remate o prazo de presentación de instancias **da establecida no artigo 6.1 ou disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo**, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e créase e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e formación en actividades dirixidas (aerobic, pilates, musculación, ...etc.)".

No BOP nº 240, de data 21/12/2016, publicáronse as Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral temporal de monitores-socorristas para a piscina climatizada municipal Iván Raña Fuentes", nas que se esixe como requisitos dos solicitantes: "Estar en posesión dos títulos seguintes:

- Licenciatura en ciencias da educación física e do deporte ou equivalente, ou Ciclo Formativo de Grado Superior TAFAD ou TSAAFD.
- A establecida non artigo 6.1 ou disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo,
- e figurar inscritos non Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia".

Tendo en conta o anterior, é claro que o concello de Ordes ven considerando como suficiente para poder exercer as funcións de socorrista-monitor na piscina climatizada municipal estar en posesión da titulación establecida no artigo 6.1 ou disposición



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, e figurar inscritos non Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

A formación mínima esixida pola normativa autonómica para o exercicio da actividade de socorrismo en instalacións acuáticas e a contemplada no artigo 6 do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Os interesados utilizan erroneamente e torticeramente o criterio de posesión dun Título de Técnico Superior, neste caso TAFAD, para xustificar a clasificación do posto de socorrista-monitor no grupo B.

Para prestar os servizos de socorrista acuático en instalacións deportivas tanto públicas, como privadas, debe reunirse un requisito mínimo de formación, que non é estar en posesión unicamente dun título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, senón que se debe reunir a formación mínima establecida no art. 6.1 do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, así como figurar inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos.

No DOG nº 25, de data 08/02/2021, publícase a RESOLUCIÓN de 26 de xaneiro de 2021 pola que se convocan cursos de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA) e en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), para licenciados ou graduados en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e técnicos superiores en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, co obxectivo de conseguir a formación mínima que deben reunir os/as socorristas acuáticos/as para o seu exercicio profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e súa inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

A clasificación do posto de socorrista-monitor no grupo B, sería contraria ao principio de igualdade (art. 1.3.b do R.D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro) que debe rexer no acceso ao emprego público, por canto limitaría o acceso a este posto de titulacións inferiores que si reúnen os requisitos establecidos no art. 6.1 do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, para o exercicio profesional do socorrismo acuático.

Se realizamos unha comparativa para ver como clasifican este posto outros Concellos, temos o Concello de A Coruña nos que os socorristas son equiparados a un subgrupo C2/AP (BOP 19/08/2020) ou no Concello de Viveiro onde tamén se asimilan ao grupo C2 (OPE 2019) publicada no DOG de 27/12/2019.

A maiores a Resolución do 5 de maio de 2021, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a actualización definitiva de méritos correspondente ao ano 2020 das listas para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, no seu Anexo II (grupos e categorías persoal laboral), encadra aos socorristas no grupo V categoría 10D, do mesmo xeito que sucede no Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Tendo en conta o anterior, non sendo pacífica a asimilación, o concello de Ordes optou pola clasificación máis elevada, subgrupo C1.

Alegación CUARTA e QUINTA: VALORACIÓN DO COMPLEMENTO DE DESTINO E DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO.

Cualifícase en primeiro lugar a determinación do CD que se fai na modificación da RPT como arbitraria, sen valoración. Se ven seguidamente e sen valoración algunha solicítase un nivel 18 de CD correspondente a un administrativo posto base.

Nas táboas de valoración dos postos de traballo da modificación da RPT xa se analiza a proposta sindical de fixación dun nivel 18 de CD, xustificándose por que non se acepta esta. A alegación presentada a este respecto non contradi os argumentos desta entidade local, nin aporta argumentos adicionais que permitan acreditar un erro na valoración do nivel de CD de destino fixado polo Concello.

Así sinálase: “Si bien en la propuesta presentada por la representación sindical figura asignarles a estos puestos el nivel 18, se entiende que la valoración no es conforme, y esto debido a:

- Respecto a la especialización se entiende que para el acceso únicamente se requiere la titulación original previa al ingreso o no a la Administración, no siendo necesaria ninguna formación complementaria (nótese que ni siquiera la que se exigiría a cualquier funcionario tal y como un mínimo de conocimiento de derecho administrativo), siendo la actualización de conocimientos poco necesaria o casi nula.
- Respecto a la responsabilidad la única sería respecto a la relación con otras personas, entendiéndose que no es un factor muy alto en tanto en cuanto realicen su trabajo con la diligencia debida.
- Respecto a la competencia no se acaba de ver en qué puede comprometer o vincular al Ayuntamiento su actuación, únicamente en caso de mala praxis que acarrearía la responsabilidad del que la cometiese.
- Respecto al mando tampoco es valorable.
- En lo referente a la complejidad resulta claro que la territorial no existe y respecto a la funcional se sitúan en el mismo área y no tienen un alto grado de tareas diferentes”.

O mesmo ocorre na determinación do Complemento Específico, os distintos factores que segundo os interesados deben determinar o CE fanse por equiparación con outros funcionarios municipais, cuxas funcións e responsabilidades non teñen nada que ver coas propias dun posto de socorrista-monitor, sen que se xustifique por que teñen que ser eses os distintos subfactores e non outros.

A valoración do subfactor temario mínimo, tendo en conta o sinalado na alegación terceira nunca poderá ser atendendo a un grupo B de clasificación.

Nas táboas de valoración dos postos de traballo da modificación da RPT que fai o Concello contense unha motivación da valoración do Complemento específico.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Non corresponde ao Secretario do Concello pronunciarse sobre cal debe ser o complemento específico dun determinado posto ou postos de traballo.

ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR ROBERTO TIZÓN MIGUÉNS – RESPONSABLE ADMINISTRACIÓN LOCAL CIG NA COMARCA DA CORUÑA

Alegación PRIMEIRA.

O contido da alegación é a mesma que a presentada por NATALIA RAÑA FUENTES, RAQUEL PÉREZ RODRÍGUEZ E JAIME VEIGA NOYA. A resposta ten que ser a mesma.

Alegación SEGUNDA: “Inexistencia de valoración algunha para determinar o nivel CD dos postos de nova creación, nin de aqueles que sufriron modificación do seu nivel, determinación de xeito arbitrario”.

Na Memoria explicativa da modificación da RPT existe un apartado denominado modificacións do complemento de destino, onde se xustifican tendo en conta o sinalado no apartado 6 (Valoración dos Postos de traballo da RPT 2010) como se determinan os niveis outorgados de complemento de destino, seguindo unha lóxica en función do grupo e da comparativa nos distintos factores que regulan a súa avaliación, de xeito que para similares grupos e factores outórgaselles o nivel de complemento de destino con base nos existentes na RPT do 2010.

A explicación contida na Memoria explicativa da modificación da RPT podería considerarse insuficiente ou incorrecta na súa aplicación, pero non ausencia de valoración e por tanto non se aprecia tal arbitrariedade.

Alegación TERCEIRA: “Non se determina o impacto que ten cada un dos factores de valoración no montante total dos puntos que conforman o CD e o CE”.

O que denomina manual da RPT 2010 é o apartado 6 (valoración dos postos de traballo) da memoria explicativa para a aprobación polo concello de Ordes dunha relación de postos de traballo, que se completou coa distribución do impacto de cada un dos factores que foi obxecto de negociación cos sindicatos na/s mesa/s de negociación celebrada/s para a súa aprobación.

A modificación realizada na RPT á hora de determinar o impacto de cada factor en cada un dos postos afectados pola mesma, realizouse, como non pode ser doutro xeito, aplicando o acordado no seu momento e respectando o impacto e puntuación de cada un dos factores sinalados na memoria.

Alegación CUARTA: “A distribución dos puntos totais posibles de cada posto de traballo no documento “Táboas” e totalmente segado, dous factores determinan o 85,86% da puntuación total posible, quedando os outros catro co 14,14 % restante.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Estes factores están ligados coa titulación requirida para o acceso ao posto, o importe das retribucións que corresponde a cada grupo de titulación xa é determinado pola Lei de orzamentos xerais do estado. Este reparto determina o 90% do 85% o número de temas do proceso selectivo e o volume e transcendencia das obrigas. Parece que so se tivo en conta para outorgar puntos ao postos a transcendencia e non o volume á hora de realizar a valoración”.

A valoración dos postos da modificación da RPT sigue o procedemento de valoración establecido na RPT 2010.

Os factores que se sinala que supoñen o 85,86% da puntuación total posible son os de “especial dificultade técnica” e “responsabilidade”, podendo estar ou non de acordo na importancia dos ditos factores, pero en todo caso son os que comparativamente nas RPTs teñen máis valor. Poden comprobarse como nas RPT de calquera Administración Pública como o complemento específico máis alto correspóndese cos postos que teñen unha especial dificultade técnica e responsabilidade, cunha diferenza considerable cos postos con outros factores (condicións nos que se presta o traballo).

Non é certo que estes dous factores estean ligados, fundamentalmente, coa titulación requirida para o acceso ao posto. De feito hai aspectos nos que, por exemplo, o oficial de policía ou os xefes de negociado, obteñen máis puntuación que postos cunha titulación superior.

Respecto a que o 90% do citado 85,86% sexa o número de temas e o volume e transcendencia das obrigas tampouco é certo, pois ambos subfactores supoñen o 45%, non o 90%. Como xa se sinalou anteriormente na modificación da RPT se tivo en conta o procedemento de valoración establecido na RPT 2010..

Ante a afirmación que fai de que respecto da transcendencia das obrigas as puntuacións outorgadas aos diferentes postos de traballo parece que so se tivo en conta a “transcendencia” e non o “volume” á hora de realizar a valoración é unha opinión persoal, porque este é un subfactor que valórase conxuntamente, non de forma independente.

Alegación QUINTA: “O factor dedicación non define nin a especial dedicación, nin a dispoñibilidade ocasional o que fai imposible determinar a que posto se lle pode aplicar ou as obrigas que conleva se titular do posto que é retribuído por este concepto”.

Para a determinación da dedicación dos distintos postos de traballo que figuran na RPT 2010, tívose en conta a Resolución do Ministerio competente en materia de Administración Pública, de aplicación supletoria na Administración Local, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos; e de conformidade coa cal:

“



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

- A duración da xornada xeral será de 37 horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual, equivalente a mil seiscentas corenta e dúas horas anuais.
- A duración da xornada do persoal que desempeñe postos de traballo considerados de especial dedicación será de 40 horas semanais, sen prexuízo do aumento de horario que excepcionalmente sexa preciso por necesidades do servizo”.

Tendo en conta esta regulación, reflectiuse a dedicación nas fichas dos postos de traballo aos que se atribúa.

Respecto da dispoñibilidade ocasional, tal e como o seu nome indica, refírese a que en certos intres poderá ser necesario que a persoa que ocupe o posto excepcionalmente teña que facer un horario superior. Tendo en conta que valórase co 10% da especial dedicación pódese calcular o número de horas máximo que están incluídas neste subfactor, pasando a seren gratificacións no caso de superarse.

Alegación SEXTA: “O factor de incompatibilidade defínese ao marxe do réxime legal sen especificar cando se debe aplicar a total, a parcial e a inexistente”.

O interesado non concreta cal é o réxime legal que debería terse en conta para definir o factor de incompatibilidade. A RPT define o factor de incompatibilidade en función do establecido na lei de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (Lei 53/1984, de 26 de decembro) e do factor dedicación.

Alegación SÉTIMA: “Non se negociou o factor punto, de negociación obrigatoria (art. 37.b do RDL 5/2015). Non se aplica o mesmo valor do punto na totalidade dos postos de traballo”.

Segundo o apartado 6 (valoración dos postos de traballo), letra B (A determinación do valor económico do punto referido ao complemento específico) da RPT 2010, a valoración do punto fíxose en 381,74 €, que foi actualizado tendo en conta as modificacións legais das retribucións dos empregados do sector público, en particular no referente ao complemento específico.

O valor punto anterior, actualizado con referencia ao ano 2021 ascende a 397,08 €.

As diferenzas que sinala o interesado nos postos de traballo veñen como consecuencia dos redondeos de decimais e da igualación do complemento específico entre postos de características moi similares.

Respecto á negociación do valor punto, no caso de querer variar o valor punto aprobado no ano 2010, estaríase ben incumprindo a Lei de orzamentos xerais do Estado, pois unha suba do mesmo conlevaría un incremento superior en todos os postos ao marcado na norma e sería inaplicable segundo dispón a propia Lei (que únicamente permite adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo), ben suporía un prexuízo no caso de ser inferior.

A diferenza do valor punto 381,74 € e o valor punto actual, non debe levarnos a pensar en dous valores punto distintos senón o valor 2010 actualizado ao 2021.

É certo que na táboa de valoración dos postos hai un erro no caso do capataz, que aparece incluído como obxecto de modificación e, procédese a súa valoración como C1, cando na ficha descritiva do posto na Memoria descritiva da modificación da RPT indícase que este non varía, como se indica a continuación:

Non varía. Na RPT actual é o capataz/encargado C2. Segundo a RPT:

Posto	Grupo	Nivel	Salario	Salario extras	C. Destino	C. Específico	Total
Capataz encargado	C2	18	7.874,16	1.300,40	6.052,48	12.225,22	27.452,26

Alegación OITAVA: “Existencia de postos de funcionarios ocupados por persoal laboral, sen contemplar esta realidade. Reversión de postos noutros de categoría superior, non se menciona o número de prazas que se crearán, nin se modifican retribucións do posto que se ocupa na actualidade”.

Non se concreta que persoal laboral fixo está na actualidade a realizar funcións ou desempeñar postos de traballo de persoal funcionario, polo que non se pode analizar esta alegación.

Non corresponde á RPT nin ás súas modificacións determinar o número de prazas a crear, algo que está vinculado á aprobación dos orzamentos anuais, así como o cadro de persoal e posterior aprobación da oferta anual de emprego, no seu caso.

Non se entende que se quere dicir cando se afirma que non se modifican as retribucións do posto que ocupan na actualidade.

En todo caso as retribucións dos postos correspondentes a prazas ocupadas en propiedade, que non se encontran vacantes, e que se ven afectadas pola modificación da RPT foron recollidas no orzamento inicial exercicio 2021, aprobado inicialmente por acordo do Pleno de data 24 de xuño de 2021. Unha vez que entren en vigor ambos documentos terán o seu reflexo económico nas nóminas deste persoal.

Alegación NOVENA: “Se igualan uns postos a outros sen que as funcións e o seu desempeño sexan comparables, sen un criterio obxectivo que o xustifique”.

Ao igual que na alegación anterior non se concretan os postos sobre os que se formula esta alegación, polo que non pode analizarse a mesma.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Alegación DÉCIMA: “O posto de encargado da brigada se encadra dentro da Administración especial pero a titulación requirida correspóndese coa administración xeral. Encoméndanse funcións propias da súa especialidade pero non se lle require ningunha como requisito.

Contradición na ficha descritiva, no apartado forma de provisión, concurso, e o que se recolle en observacións, promoción interna. Cobertura polo sistema de concurso entre funcionarios subgrupo C1”.

A integración do posto de encargado de brigada na escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, faise de conformidade co establecido na normativa seguinte, que sinala:

Artigo 172 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL):

“Pertencerán á Subescala de Servizos Especiais os funcionarios que desenvolvan tarefas que requiran unha aptitude específica, e para cuxo exercicio non se esixa, con carácter xeral, a posesión de títulos académicos ou profesionais determinados.

2. Comprenderanse nesta Subescala, e sen prexuízo das peculiaridades de cada Corporación, as seguintes clases:

d) Persoal de Oficios.”

O artigo 175 (TRRL):

“1. Integraranse na clase de Persoal de Oficios os funcionarios que realicen tarefas de carácter predominantemente manual, nos diversos sectores de actuación das Corporacións locais, referidas a un determinado oficio, industria ou arte.

2. Clasificaranse, dentro de cada oficio, industria ou arte, en Encargado, Mestre, Oficial, Axudante e Operario, segundo o grao de responsabilidade ou de especialización, e sendo necesario, en todo caso, **posuír a titulación esixida para o ingreso, conforme ao disposto pola lexislación básica de función pública**”.

Por tanto, en canto á titulación debemos estar ao disposto pola lexislación básica de función pública, isto é, o R.D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, que no seu artigo 76 dispón que para o acceso ao grupo C1 requírese título de bacharel ou técnico.

Non existe contradición cando na ficha descritiva deste posto se establece como Forma de provisión o concurso e no apartado de Observacións se establece que se cubrirá mediante promoción interna. Estase a falar de cuestións distintas. Provisión de postos / cobertura de prazas.

De conformidade co establecido no Artigo 79 (Concurso de provisión dos postos de traballo do persoal funcionario de carreira). 1. O concurso, como procedemento normal de provisión de postos de traballo, (...) do R.D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. A provisión do posto de traballo de Encargado de brigada por concurso, é correcta.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Un dos dereitos individuais dos funcionarios de carreira é o dereito á progresión na carreira profesional e promoción interna (vertical) (art. 14.c RD. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro)

Tendo en conta o anterior, en Observacións recóllese que o acceso á praza (que terá o seu reflexo previo no orzamento, cadro de persoal e oferta de emprego anual), non ao posto, realizarase por promoción interna previo o proceso selectivo correspondente. Aínda que esta debería ser unha cuestión que debería ser obxecto de negociación cando se pretenda a aprobar oferta de emprego anual, decídese recoller na RPT xa esta previsión, no apartado de Observacións.

Alegación UNDÉCIMA: “As mesmas reflexións do posto de encargado de brigada valen para o posto de capataz encargado en canto ao seu encadre dentro da administración especial, coas mesma función que este. Inferior nivel de CD, pertenza a un subgrupo inferior de titulación, 7.000 € menos de retribucións”.

En canto ao seu encadre dentro da Escala de Administración Especial reiteramos o sinalado na alegación anterior.

É incorrecto afirmar que o capataz-encargado ten as mesmas funcións que o encargado de brigada. Non realiza as funcións seguintes:

- Coordinar os traballo.
- Apoiar e corrixir, no seu caso, a execución dos mesmos.
- Controlar a cantidade e calidade do traballo executado e do tempo empregado na súa realización.
- Controlar a calidade e o uso dos materiais, instrumentos e maquinaria.
- Realizar as funcións propias da súa especialidade, en especial aquelas que revistan maior dificultade.

Por tanto, distintas funcións, distinto subgrupo de clasificación, distintas retribucións.

Alegación DUOCÉCIMA: “Non se inclúen postos de traballos desenvolvidos por persoal temporal que levan máis de tres anos formando parte do cadro de persoal do concello e que polo tanto deberán ser considerados postos estruturais”.

Ao igual que na alegación oitava e novena non se concretan os postos sobre os que se formula esta alegación, polo que non pode analizarse a mesma.

V.- ALEGACIÓN PRESENTADA POLO COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA (CPXG)

Alegación: “Na ficha de funcións para o denominado como posto ‘informático’ atribúense labores claramente informativas, como o tratamento, a elaboración e a difusión de información, que deberan ser levadas a cabo por un profesional da comunicación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Estas atribucións a unha persoa que non é xornalista poden ser consideradas intrusismo, polo lle que pregamos que faga unha rectificación dese detalle das RPTs para garantir que a información relacionada co seu concello sexa tratada por un profesional en base ás funcións que a titulación en Xornalismo, Comunicación ou mesmo a colexiación poden garantir.

Por iso, solicitamos a reconsideración da devandita RTP para devolver as funcións do tratamento, elaboración e difusión da información ao posto do gabinete de comunicación”.

Con carácter previo á análise da alegación, debemos sinalar que de acordo coa normativa de procedemento administrativo (Lei 39/2015, de 1 de outubro - LPACAP) os interesados nun procedemento administrativo deben presentar os seus documentos no rexistro xeral do Concello, de forma presencial ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 LPACAP. A maiores as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos co Concello para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo (art. 14.2.a LPACAP).

Unha carta remitida a un correo electrónico do Concello de Ordes (alcaldia@ordes.gal) para presentar unha alegación nun trámite de información pública dun expediente administrativo por parte dunha persoa xurídica que debe coñecer mínimamente as normas vixentes de procedemento administrativo que entraron en vigor o 02/10/2015, é cando menos anómalo. Sendo este motivo suficiente para que a alegación no sexa tida en conta.

En canto ao contido da alegación, parécenos correcto que un colexio profesional entre cuxas funcións se encontra a defensa dos intereses profesionais dos seus colexiados, neste caso xornalistas, presente unha alegación á modificación da RPT ao considerar que esta lesiona os intereses dos profesionais da comunicación en xeral e do profesional que esta contratado neste concello, en particular.

Considera o CPXG que as funcións de tratamento, a elaboración e a difusión de información que a ficha descritiva do posto de informático atribúe a este profesional deben ser desempeñadas por un profesional da comunicación, considerando intrusismo en caso contrario.

A palabra información, non ten un único significado. Podemos utilizar a palabra información para referirnos a distintos tipos de información: pública, persoal, clasificada, periodística, administrativa, ...etc.

A informática defínese dunha forma simple como o tratamento de forma automática de información.

A súa vez poderíamos definir a información periodística, entre outras moitas, como o conxunto de actividades que teñen por fin recoller, elaborar, transmitir e difundir noticias, posibilitando o coñecemento de feitos, ideas e opinións, que son de interese para as persoas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

Dunha lectura da ficha descritiva do posto de informático non pode concluírse que este teña atribuído o tratamento, a elaboración e a difusión de información periodística e por tanto impida que o profesional da comunicación contratado neste concello para tratamento, a elaboración e a difusión de información periodística desenvolva as funcións que lle se son propias.

As funcións de tratamento, a elaboración e a difusión de información que o CPXG considera que se lle atribúen na modificación da RPT ao posto de informático deben entenderse a información que debe ser obxecto de tratamento de forma automático.

Todo isto sen prexuízo de que o CPXG se manteña vixiante no exercicio das funcións de tratamento, a elaboración e a difusión de información polo persoal contratado polo concello como informático, e no caso de apreciar un caso concreto e individualizado de intrusismo nas funcións propias do profesional da comunicación contratado por este concello o poña en coñecemento da Alcaldía, para no caso de ser así sexa corrixido.

Por todo o sinalado anteriormente, procede a desestimación das alegacións presentadas durante o trámite de información pública, aprobando definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Ordes.

Unha vez aprobada definitivamente, da modificación da Relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia

E canto teño a ben informar, sometendo as opinións xurídicas contidas no informe a outras mellor fundadas en dereito”.

Visto o disposto no art. 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que sinala que como dixeron anteriormente a RPT debía ser consensuada cos sindicatos, tamén coa oposición para chegar a un consenso, vese que non o hai polas alegacións presentadas.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que cada unha das alegacións presentadas foron analizadas polo informe da Secretaría. Non deixa de quedar claro que moitas delas dependerán dos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

orzamentos xerais para a funcionarización das prazas de persoal laboral, no caso do xornalista non quedan moi claras as funcións que se están a establecer. Está claro que os temas de información deben formar parte exclusivamente do gabinete de prensa. As alegacións están informadas, non van a por máis oposición.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que lle entran bastantes dúbidas, atopan as veces incongruencias. Hai cousas que se especifican no informe de Secretaría que realmente non son así. A afirmación de que o Sr. Quinteiro nunca exerceu as funcións propias do xefe de gabinete de comunicación e si as de xornalista, creemos que é errada. Calquera persoa que nun buscador de internet teclee Pablo Quinteiro indica Director de Radio Ordes, que é unha das funcións que ten asociadas o Xefe de Gabinete e non o de xornalista, atopará publicacións varias ao respecto Correo Galego 16/04/2019, Ordesete 16/09/2008, 09/02/2011, 03/01/2010, 17/01/2009, 21/09/2009. Existen evidencias cando menos no 2008 ao 2011 este traballador estivo exercendo a dirección de radio ordes, función propia do xefe de gabinete de comunicación e non de xornalista. Dende o BNG non van a entrar a analizar a legalidade do exercicio desas funcións, consideran cando menos que neses anos si foron exercidas. As alegacións de Natalia Raña, Raquel Pérez e Jaime Veiga creemos que o informe de Secretaría tamén ten contradicións ao negarse o encaixe no grupo B do posto de Socorrista-monitor aludindo "...é claro que o concello de Ordes ven considerando suficiente para poder exercer as funcións de socorrista-monitor na piscina climatizada municipal estar en posesión da titulación establecida no artigo 6.1 ou disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, e figurar inscritos non Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia", pero logo resulta curioso que despois no BOP nº 140 de data 21/12/2016 publicáronse as Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral temporal de monitores-socorristas para a piscina climatizada municipal Iván Raña Fuentes", nas que se esixe como requisitos dos solicitantes: Estar en posesión dos títulos seguintes: Licenciatura en ciencias da educación física e do deporte ou equivalente, ou Ciclo Formativo de Grado Superior TAFAD ou TSAAFD. Ademais da titulación mencionada anteriormente. Para poder optar esa bolsa de traballo tiñan que ter os cursos que se esixen para monitor socorrista, pero ademais o concello de Ordes esixía o título de técnico superior, senón non podían acceder a ese posto de traballo. O fundamento da alegación algo de base ten. Estas son as dúbidas que nos suscita este asuntos.

Solicita intervir o Sr. Secretario que sinala que (non se transcribe a intervención por que esta é inaudible na grabación efectuada da sesión).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que feitas as aclaracións do Sr. Secretario, parécelle lamentable que so se lea o que interesa cando se está a ler o informe de secretaria, eu creo que llo acaba de deixar claro o secretario. Como sinala a memoria explicativa da modificación da RPT esta entidade local dentro da potestade de auto-organización decidiu suprimir o posto vacante de xefe de gabinete de comunicación A1, vacante e a creación dun posto de A2 denominado Técnico de comunicación e prensa co que se trata de consolidar a praza de persoal laboral temporal de carácter estrutural. O Sr. Quinteiro Vaamonde nunca exerceu as funcións propias do posto de gabinete de comunicación e si as de xornalista segundo o establecido nas bases que rexeron o concurso de valoración de méritos para a contratación laboral temporal dun



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

xornalista convocatoria ano 2008. Que é o contrato que ten, non ten outro, non pode pretender atribuírse a praza nin as consideracións dunha praza da RPT que sempre estivo vacante dende o ano 2010. Un pouco de sentido común, saibamos do que falamos e traslademos á veciñanza a información real. E non tratemos de terxiversar como acostuma a facer en moitas das súas intervencións. O mesmo sucede co que lle acaba de explicar o Sr. Secretario co apartado dos socorristas. "(...)Tendo en conta o anterior é claro que o concello de Ordes ven considerando como suficiente para poder exercer as funcións de socorrista-monitor na piscina climatizada municipal estar en posesión da titulación establecida no art. 6.1 da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, de 16 de marzo e figurar inscritos no Rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia". Non é condición indispensable ter o TAFAD. Lea todas as convocatorias dos anos que queira, suficiente. Se non entende o significado da palabra suficiente colla o Dicionario da Real Academia Galega. "(...) A formación mínima esixida pola normativa autonómica para o exercicio da actividade de socorrismo en instalacións acuáticas e a contemplada no artigo 6 do Decreto 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. Os interesados utilizan erroneamente e torticeramente o criterio de posesión dun Título de Técnico Superior, neste caso TAFAD, para xustificar a clasificación do posto de socorrista-monitor no grupo B". Cando non é condición indispensable para ocupar ese posto, é importante que o teñan e agradecemos que o teñan, houberan optado por estar traballando na piscina de Ordes. Están traballando na piscina de Ordes cun contrato sabendo cal ía ser o seu salario e as súas condicións. Non collamos os párrafos que nos interesan, vaiamos ao fondo da cuestión onde está a xustificación. Pretender xustificar á CIG non serve de nada. Temos catro alegacións e tres son dos representantes dos traballadores laborais da CIG, o mesmo que dicir os representantes do BNG. Non podemos esquecer que non é o mesmo. Falaban de que non houbo consenso, recibíronse cando fixo falta, demorouse a aprobación facendo máis reunións das que considerábase necesarias. Foise obxectivo dende o principio ao final, sendo o máis transparentes posibles, os técnicos fixeron un traballo para xustificar todos e cada un dos casos. O único interese que había alí por parte da CIG era dinamitar a negociación. O di alto e claro para que quede constancia onde faga falta. Á vista está que ese era o seu interese cando automaticamente se reúnen e deciden presentar estas alegacións e o representante dos funcionarios automaticamente dimite. Un representante dos funcionarios que estivo en colaboración cos diferentes gobernos municipais do concello de Ordes dende fai moitos anos e que era elixido maioritariamente polos funcionarios de Ordes. Cando dimite algo mal está a facer a CIG neste concello. Non é o grupo de goberno o que está a facer as cousas mal. Iso demostra o que veu a facer a CIG a este Concello, como vai a facer na maioría dos sitios onde se inmiscue nas relacións laborais dos traballadores cos representantes e xefes superiores. Os que presentan as alegacións única e exclusivamente é esa representación sindical e os traballadores representantes sindicais. É unha terceira persoa que asina unha copia idéntica do que presentan eses traballadores representantes sindicais. Non vai a cuestionar aquí a ningunha persoa, non lle serve de nada, podería dicir quen traballa máis e quen traballa menos. Cando queira ven polo despacho, está invitado e llo aclaro. É algo para falar internamente, non para traelo aquí no día de hoxe. Cando se analizan setenta e catro postos de traballo, so hai catro alegacións, hai moito consenso e acordo. Con melloras salariais que supoñen ata o trinta por cento na maioría das vacantes na RPT. Fíxose un traballo



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

importante cun incremento dun millón de euros no capítulo de persoal. Houbera sido mellor vista a actitude da CIG coller ese millón de euros e investilos en mellora de servizos para os veciños e non estar a día de hoxe discutindo con vostedes ou cos representantes sindicais da CIG que o único que teñen son os seus intereses particulares económicos. A RPT de modificada agora no 2021 contempla o posto de xornalista A2 un salario de 34.600 € a proposta que trouxo no seu día á mesa de negociación a CIG eran 37.900 €, a proposta da alegación que presenta agora para o debate aquí é de 51.200 €, estamos tolos ou tomamos de cachondeo o que é a xestión municipal. E despois atrévese a falar aquí de soldos de champions league. Isto é unha tomadura de pelo en toda regra á veciñanza de Ordes. E falamos se queren do exemplo dos socorristas o salario de convenio que lle corresponde a un socorrista son 15.200 € as retribucións que figuran na modificación da RPT son de 19.700 €, un trinta por cento por riba do convenio, a súa proposta na mesa de negociación era de 21.900 €, a súa proposta na alegación son 29.700 €. Estamos de coña outra vez. Que pasou nun mes. Isto é como funciona a CIG, rebentando e pondo en cuestión a voluntariedade dos técnicos municipais e tratar os postos con criterios obxectivos. Aquí non hai obxectividade ningunha cando unha persoa é capaz de presentar unha alegación 51.200 € sen ningún tipo de fundamento, e outros traballadores tamén representantes da CIG reclaman para si 29.700 €, sen ningún fundamento. Onde están os fundamentos para reclamar esas cantidades. Entón que facemos pechamos a piscina, oito monitores-socorristas a 30.000 € cada un, máis a seguridade social, falamos de máis de 240.000 €, entón teríamos que cobrarlle aos aboados en lugar de 23 €, 50 €. Falamos de duplicar practicamente os salarios actuais. Como cadramos esas contas. Baixamos despois o IBI. Non pasa nada, aínda que non ingresemos, gastamos. Ese é o BNG. Gastar por gastar, iso non importa. Cadrar as contas tampouco importa. Non saben o que é. se defenden este tipo de cuestións sen facer os números do que está a plantexar esta xente que son os representantes da CIG. Xa se ve o compinchados que están como funciona todo isto, e as estratexias que teñen montadas e demais. Xa se viu na reunión que convocaron a asistencia e afluencia que tiveron, o resultado que conseguiron a través desa reunión. Que non ano 2023 desaparezan definitivamente da parte da representación sindical municipal, é moi necesario, deste e doutros concellos e empresas. Fainos moita falta, a tranquilidade que houbo anos para atrás e o feito de que dimitise o representante dos funcionarios deixa en evidencia esa representación sindical, esas siglas.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que sinala que non van a por en cuestión o informe do Secretario. Si unha matización a titulación para ser socorrista como ben di o Secretario, agora van a pedir as competencias profesionais, habilita para a profesión de socorrista. Non saben se outro persoal que hai na piscina está desempeñar outro tipo de actividades. Non sabe se este posto so será exclusivamente de socorrista.

Solicita intervir o Sr. Secretario que sinala que (non se transcribe a intervención por que esta é inaudible na grabación efectuada da sesión).



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que pregunta se o coñecemento que van a esixir é so ese curso. Vale.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o BNG non ven aquí a confrontar co Sr. Alcalde, non entenden que se altere e diga que se citan textualmente partes interesadas do informe. Nos cuestionamos o que nos suscita dúbidas. Se vimos aquí e non podemos falar e todo parece mal. Mal asunto para un foro de debate como é o pleno municipal. Non van a entrar no da CIG, que o funcionario dimitiu as súas razóns terá e as dirá el mesmo, non cree que sexa o Alcalde de Ordes o que poida dicir aquí os motivos que tivo ou non para dimitir. Valorar unha dimisión así, non sabe que pensará o Alcalde da dimisión do Sr. Viqueira Nouche hoxe. Se entramos neses termos a valorar unha dimisión coidado. Reiteramos que a convocatoria dos socorristas ben claro no informe. Creemos que as explicacións que agora nos dan, que no posto agora sexa válido a titulación establecida no art. 6.1 e estar inscrito no Rexistro profesional de socorristas acuáticos, non quita que no seu momento esixira ter a titulación de técnico superior. Iso é o que cuestionamos, nada máis. Que se altere, que se enfade.

Solicita intervir o Sr. Secretario que sinala que (non se transcribe a intervención por que esta é inaudible na grabación efectuada da sesión).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se altera para nada, simplemente lle expresa o seu parecer do que quixo defender con anterioridade en relación á RPT, el o defendeu co ton que considera oportuno. Se ten coñecemento da causa da dimisión poderá expresala se ten o consentimento do interesado, non é quen para cuestionala. Non sei se lle contaron o que estaba a acontecer, como era a operatividade desa organización. Non vai a entrar a contar iso, pero si vai a contar que foi provocada por iso. Insisto falar de CIG e o mesmo que falar de BNG neste concello. É a realidade, o sabe calquera persoa que anda pola rúa e incluso os integrantes da súa formación política. Insiste catro alegacións de traballadores de setenta e catro postos de traballo, un cinco por cento. Os sesenta e nove postos dunha maneira ou outro manifestaron a súa conformidade, agradecen este esforzo, así nolo fixeron saber así llo trasladaron os representantes de outras formacións. A día de hoxe necesitan aprobar esta modificación da RPT. Hai consignación orzamentaria nos orzamentos que se aprobaron no mes de xuño e que entraron en vigor esta semana. Agora hai que tratar a aprobación da oferta de emprego, que se poida sacra adiante a funcionarización dos postos de persoal laboral, e os que xa poden empezar a cobrar directamente os salarios adaptados á RPT. Fai un chamamento para que no sucesivo se se quere volver a modificar a RPT teñan a ven reunirse cos representantes sindicais ou eles con vostedes. A primeira reunión que tiveron con eles foi nunha mesa de negociación, iso non é serio. Unha vez que se aproba a modificación da RPT piden unha reunión a posteriori, para que, non procede xa, era tarde, había que ter analizado as cuestións en tempo e forma. Cando se faga unha modificación da RPT para non ter as dúbidas que aquí se están a plantexar se reúnan con eles.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de oito votos a favor (grupo político PP), dous votos en contra (grupo político BNG) e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Desestimar as alegacións presentadas durante o trámite de información pública do acordo de aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Ordes, segundo o sinalado no informe da Secretaría Xeral (art. 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP), seguintes:

. Alegación presentada por UNIÓN SINDICAL OBRERA, con data 29/06/2021, nº de rexistro REGAGE21e00011719070.

. Alegacións presentadas por PEDRO PALBO QUINTEIRO VAAMONDE, con data 30/06/2021, rexistro de entrada nº 20219990001364.

. Alegacións presentadas por NATALIA RAÑA FUENTES, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 2366.

. Alegacións presentadas por RAQUEL PÉREZ RODRÍGUEZ, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 20210000002367.

. Alegación presentadas por JAIME VEIGA NOYA, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 20210000002368.

. Alegacións presentadas por ROBERTO TIZÓN MIGUÉNS, responsable de Administración Local CIG comarca de A Coruña, con data 01/07/2021, rexistro de entrada nº 202199900001373.

. Alegación presentada polo COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA, recibida o día 30/06/2021, no correo electrónico alcaldia@ordes.gal

2.- Aprobar definitivamente a modificación da Relación de postos de traballo do Concello de Ordes.

3.- Remitir copia aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e proceder a súa publicación integramente no Boletín Oficial da Provincia.

5. APROBACIÓN CONVENIO URBANÍSTICO DE EJECUCIÓN DE PLANEAMIENTO.

Visto o texto inicial do convenio urbanístico asinado o 17 de febreiro de 2021, entre José Luis Martínez Sanjurjo, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Ordes e **María Fanny, María Carmen e María del Pilar Bascoy Valiño**, para a ordenación detallada do sector de solo urbanizable S-05 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ordes.

De acordo co establecido no artigo 168.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e art. 401.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, o texto do



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

convenio someteuse ao trámite de información pública polo período dun mes mediante anuncio publicado no DOG nº 44, de data 05/03/2021, así como no xornal La Voz de Galicia, de data 05/03/2021.

O texto inicial íntegro do convenio púidose consultar na páxina web do Concello de Ordes na seguinte ligazón <https://concello.ordes.gal/p/pxom>.

Visto que durante o trámite de información pública non se presentou, nin formulou alegación ou reclamación algunha, polo que o texto inicial do convenio urbanístico anterior elévase a definitivo.

Visto o disposto no art. 168 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro e arts. 401 e 402 do Decreto 143/2016, de 12 de setembro.

Vistos os informes técnico e de legalidade do documento que debe ser obxecto de legalización.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que sinala que están de acordo en que hai que axudar todo o que sexa posible. Temos un problema en Ordes de desemprego e todas as empresas que poidan vir ou se lle poidan facilitar as cousas para a súa instalación, van a votar a favor como fixeron sempre.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que o PSOE non se vai a opor sempre á creación de postos de traballo. Consideran que esta proposta de convenio favorece a unha familia en concreto, a uns propietarios en concretos. Un área comercial destas características vai a por a puntilla ao pequeno comercio. A creación de postos de traballo a parte dos que se poden destruír, moitos deles van a ser reciclados do centro que xa teñen aberto aquí.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a inclusión do desenvolvemento promenorizado deste sector non ten ningunha dúbida urbanística. A dúbida que preguntamos na Comisión Informativa era si no momento que se presente o proxecto que desenvolva se van a ter oportunidade de analizar o que se propón para aprobalo e facer propostas. Cal vai a ser a tramitación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha ordenación promenorizada, coñecen a ficha de equidistribución do S-05, vai indicado onde van as áreas de cesión. A día de hoxe xa está definido, non é algo novo, pouco vamos a ter que opinar. Na aprobación inicial do PXOM no 2016 xa estaban definidas onde van as zonas de equipamento e as cesións oportunas o único que se fai e incorporar a ordenación



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

pormenorizada a día de hoxe. Onde vai o uso terciario, o uso residencial e as zonas vacantes de equipamento, que están todas á dereita da rolda leste. Tal é como está definida na ficha do sector S-05 tal e como foi definida inicialmente. Non cree que proceda ningún tipo de alegación cando xa foi aprobada no seu momento polo pleno.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se se fixan na rúa de Carnota que agora cando se actuou para poñer as beirarrúas do lado do que están as vivendas hai unha na que fai un quiebro a beirarrúa, é interesante antes de que se desenvolva o sector, retranquear un pouco máis a aliñación e anchar esa rúa para ter unha saída máis ancha, sería fácil conseguilo agora. Dende o BNG consideran que agora é fácil chegar a unha solución co desenvolvemento pormenorizado dese sector, telo en conta ou poñelo como condición para o desenvolvemento dese proxecto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son cousas distintas, unha cousa é a ordenación detallada e outra o estudo pormenorizado. A ordenación detallada ten que propoñela a empresa e analizada polos técnicos. Dos poucos planos que viu de pranta na proposta inicial esa zona vai a quedar totalmente libre, non vai a levar ningún tipo de medianeira contra a rúa de Carnota, contra a rolda leste. As únicas edificacións como uso residencial son as que están pegadas aos edificios que se ven a día de hoxe con fronte a Alfonso Senra. O que está a plantexar non vai a ter ningún tipo de inconveniente por que o normal é que se fagan novos carrís de incorporación para entrada e saída, por que o movemento de circulación precisamente polo cal se analizou no seu día a rúa Carnota para que quedase con dobre sentido de circulación ven condicionado por que non van poder facer o dobre xiro dende a rolda leste e teñen que facer o movemento dende a N-550. O que plantexa non lle ve ningún tipo de inconveniente en base a planimetría en cartografía que viu a día de hoxe.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que si realmente van a ter en conta esa circunstancia e dende o concello vamos velar por que ese acceso a rúa de Carnota sexa o máis amplo posible dun xeito racional do que é a beirarrúa, non nos opoñemos á súa aprobación, van a estar a favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle vai a enviar unha infografía para que vexa., para ver se lle pode resolver a dubida, para que vexa o remate, toda a parte leste queda baleira. Hai marxe para un carril de circulación entre a rolda leste e a nova edificación. O mesmo sucede pola parte este.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os sectores están predefinidos no PXOM. Non podemos empezar a analizar se son dunha familia ou de varias. Hai outras familias que propuxeron estudos de detalle que están a analizar o equipo redactor, non por iso vamos a desbotalos tampouco.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 34

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que este convenio non é máis que outro parche polas presas que xa temos máis que falado aquí. Sabemos que hai uns trámites para a finalización do PXOM, darlle o impulso final. Queda unha parte da rúa de Carnota que non entra neste convenio. A tendencia actual destes centros comerciais e polos fora nos polígonos industriais. Véxase Santiago, Oroso, Carballo. Consideran que vai a ser moi prexudicial para o comercio en Ordes. Vai a ser unha gran área comercial con supermercado con todo o que atrae ao derredor, coas súas propias marcas nos comercios colindantes. Co apoio que o Concello de Ordes lle está a dar á Asociación de Comerciantes pensa que é algo perxudicial. O tempo o dirá.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende logo que o tempo o dirá. Non o ve así. Os intereses non son única e exclusivamente por implantarse por parte desta empresa. Senón de outras moitas que fixeron consultas nos derradeiros anos, incluso antes de que nos formásemos parte do goberno municipal. A ubicación que no seu día foi plantexada e aprobada cumpre todos os requisitos legais. Considera á inversa, o que pode é traer máis afluencia de movemento da vila. O sector que comercializa o supermercado é competitivo entre eles. Segundo o que lle trasladaron, espera que o cumpra, non teñen a intención de pechar o que teñen na actualidade. Despois verase o que acontece. A intención é facer un novo establecemento complementario. Hai máis peticións de máis empresas para implantarse na periferia ordense. A competitividade é sempre boa neste tipo de sectores e nos demais. Os resultados veranse a continuación. Os exemplos están nos concellos que mencionou antes e o comercio de proximidade segue a convivir con este tipo de comercios.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (8 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez) e coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Ratificar o texto definitivo do convenio urbanístico de execución de planeamento seguinte: Convenio urbanístico asinado o 17 de febreiro de 2021, entre José Luis Martínez Sanjurjo, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Ordes e **María Fanny, María Carmen e María del Pilar Bascoy Valiño**, para a ordenación detallada do sector de solo urbanizable S-05 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ordes.

2.- Notificar este acordo ás interesadas, requiríndoas para que o texto definitivo sexa asinado dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación del texto definitivo. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto.

6. ACEPTACIÓN RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRO DE FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 35

Visto o escrito de data 06/07/2021, rexistro de entrada nº 202199900001409, presentado por D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE, con DNI nº 76363344D, de renuncia por motivos persoais ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, grupo político Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdeG-PSOE).

Visto o disposto no art. 9.4 do R. D. 2568/1986, do 28 de novembro.

Visto o disposto no art. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

Visto que o día 08/07/2021, en comparecencia persoal ante o Secretario Xeral do Concello D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA, con DNI nº 79310014B, candidata nº 3 da Candidatura nº 3: Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdeG-PSOE) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril, comunicou a súa aceptación expresa a que se lle atribúa o escano vacante atendendo á súa orde de colocación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (8 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), coa abstención do Sr. Viqueira Nouche, sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia ao cargo de concelleiro no Concello de Ordes, grupo político Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdeG-PSOE) de D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE, con DNI nº 76363344D.

2º.- Remitir copia do presente acordo á Xunta Electoral Central para a expedición da credencial para a toma de posesión como concelleira do Concello de Ordes de D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA, con DNI nº 79310014B, candidata nº 3 da Candidatura nº 3: Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdeG-PSOE) (BOP nº 81, de data 30/04/2019. Circunscrición electoral Ordes), eleccións municipais convocadas por R.D. 209/2019, do 1 de abril.

Solicita intervir o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que mostra o seu agradecemento a todos os que confiaron nel para o desenvolvemento deste cargo e as súas funcións, que desenvolveu con dedicación ata o día de hoxe. Representar a este partido e a os seus votantes foi un privilexio que lle obrigou a exercer o cargo con dedicación, responsabilidade e sobre todo honestidade e humildade. Non se vai para ocupar ningún cargo político, non ascende, nin descende. Segue sendo el, é avogado, vai a seguir co seu traballo. Durante os derradeiros meses estivo a reflexionar sobre o desempeño da súa labor como cabeza do partido e da conveniencia de deixar o paso a outra persoa, neste caso Carmen, que poida involucrarse nesta labor coa máxima entrega dado que o traballo da súa profesión neste momento é bastante e necesita adicar un pouco máis de tempo a el. Non quere obstaculizar os obxectivos do partido. Xa escoitaron a Carmen nos derradeiros plenos. Para el unha compañeira exemplar, a compañeira que vai a entrar



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 36

tamén. Continuará mantendo o compromiso co Concello de Ordes. Reitera o agradecemento a todos os compañeiros. Desexa que teñan un debate construtivo sobre calquera cuestión e axudar ao pobo no que se poida. Gracias por todo.

Seguidamente prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que sinala que foi un pracer telo de compañeiro, seguiranse vendo por aí, agradecer a súa labor como concelleiro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que en nome de todos os integrantes do grupo político BNG desexarlle o mellor nesta nova etapa, agarda que disfrutase da súa etapa como concelleiro, que lle servise para adquirir experiencias dunha labor que tamén é bonita aínda que sacrificada. Estar ao servizo do pobo é un orgullo. Seguiranse vendo por aquí, somos veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ao igual que os seus compañeiros agradécelle a dedicación que tivo aquí para con nos nestes máis de dous anos. Quedase coa satisfacción de que formase parte da corporación municipal sendo el alcalde. De poder ter debatido en múltiples ocasións sobre os beneficios para o pobo de Ordes. Sempre tratou de aportar cousas positivas, do traslado das peticións que lle fixeron dos veciños ás diferentes áreas de goberno. Seguirá tendo a porta aberta para contactar con el e cos seus compañeiros, así como co resto de integrantes da corporación para calquera cousa. Non sabe o que deparará o futuro, se se volverán a encontrar nestas lides. Veranse polo pobo, pola vila. Moi agradecido

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal e do grupo político PP, que sinala que reitera o que dixeron os seus compañeiros. O coñece non so da vida política. Van a seguirse vendo. Agradecer todo o traballo que fixo tanto no concello como para os veciños que representa. Todos representamos a todos e todos defenden os intereses da veciñanza en xeral. Agradecer especialmente a súa contribución durante o tempo da pandemia.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que aprendeu moito con el, o pasaron moi ben, nunca se enfadaron. Sabe que é unha persoa comprometida. O coñece dende nenos, non como agora. Leva un gran recordo.

7. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 37

dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

8. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas a Sra. Alcaldesa en funcións pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Debido ao auxe dos discursos homófobos promovidos polos partidos de extrema dereita, a situación actual nalgúns países da comunidade LGTBIQ está sendo atemorizadora, sufrindo esta comunidade o aumento da súa persecución e das agresións LGTBIQfóbicas, chegando incluso a producirse no noso país, un dos máis pioneiros en promover os dereitos do colectivo LGTBIQ.

Vista a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, así como o artigo 2 do Tratado da Unión Europea (TUE), a Convención Europea de Dereitos Humanos e a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, a Declaración Universal de Dereitos Humanos, a Resolución do Parlamento Europeo sobre a declaración da UE como espazo de liberdade para as persoas LGTBIQ e a Resolución do Concello de Lisboa sobre a declaración da cidade como espazo de liberdade para as persoas LGTBIQ; consideramos que:

Os dereitos das persoas LGTBIQ son dereitos humanos e que o dereito á igualdade de trato e á non discriminación é un dereito fundamental recollido nos Tratados da UE e na Carta e debe respectarse plenamente.

Dende o ano 2019, máis de cen rexións, provincias e municipios en Polonia aprobaron resolucións que se declaraban libres da chamada “ideoloxía LGBTI” ou adoptaron “Cartas rexionais de dereitos da familia”. En novembro do 2020, a cidade húngara de Nagykáta adoptou unha resolución que prohibía a “difusión e promoción da propaganda LGTBIQ”.

Estas resolucións discriminan directa e indirectamente ás persoas LGTBIQ e teñen como consecuencia directa o aumento dos actos de violencia, intolerancia e incitación ao odio dirixidas contra as persoas LGTBIQ ou contra as persoas consideradas LGTBIQ, segundo un estudo elaborado pola Axencia da Unión Europea. polos Dereitos Fundamentais en maio de 2020. Ademais, a Comisión Europea



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 38

rexeitou, no marco do seu programa de irmandamento, as solicitudes de financiamento da UE de cidades polacas que adoptaron resolucións que as declaraban libres de ideoloxía LGBTI ou resolucións sobre familiares de dereitos; considerando que todos os fondos da UE xestionados ao abeiro do Regulamento de disposicións comúns 2021-2027 deben respectar o principio de non discriminación e os dereitos fundamentais establecidos no Tratado, incluso no relativo á orientación sexual;

Aínda que as persoas LGBTIQ en Polonia e Hungría se enfrontan a unha discriminación sistemática, este tamén é un problema en toda a Unión e non se realizou un gran progreso na mitigación da discriminación persistente, na incitación ao odio, nos delitos de odio e no acoso contra as persoas LGBTIQ.

Consideramos que as persoas LGBTIQ, en todos os Estados membros, seguen a sufrir un maior índice de discriminación en todos os ámbitos da vida, incluído o traballo e a escola, e unha alta prevalencia de agresións físicas, emocionais e sexuais;, tanto no mundo virtual como no real, e especialmente entre a mocidade transxénero.

A loita contra a desigualdade na UE é unha responsabilidade compartida, que require esforzos e accións conxuntos en todos os niveis de goberno e, en particular, por parte dos organismos locais e rexionais, aos que se lles chama un papel fundamental. Son responsables de facer cumprir as tres cuartas partes da lexislación comunitaria e promover a igualdade e a diversidade, o recoñecemento, a protección e o avance dos dereitos humanos das persoas LGBTIQ, axudando a promover iniciativas destinadas a combater a discriminación diaria e os crimes de odio, sendo fundamentais para sensibilizar e promover o respecto a estes dereitos.

No noso país existe un aumento das agresións e incidentes de LGTBI-fobia, reflexándose nos datos proporcionados polo Observatorio contra a Homofobia, rexistrando 77 incidentes dende o 1 de xaneiro do 2021.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos ó pleno da Corporación a adopción do seguinte, acordo:

- 1.- Instar ao Pleno da Corporación a declarar o Concello de Ordes como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ.
- 2.- Comprometerse coas políticas públicas para promover e protexer os dereitos das persoas LGTBIQ.”

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, adoptáronse os acordos seguintes:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 39

Aberto o debate, prodúcese as intervencións seguintes:

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que sinala que sempre se posicionaron a favor da liberdade e da igualdade ven ben o contido da moción e van a votar a favor.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que están absolutamente dacordo co expresado polos compañeiros do PSOE que denuncian unha vez máis que hai persoas empeñadas en construír unha sociedade absolutamente excluínte na que non collemos todos, unha sociedade exclusivamente heterosexual ou patriarcal. Educación, educación, educación, respecto polo diferente por cuestións de raza, pensamento ou identidade sexual. Os Bolsonaro, Orbán, goberno polaco, Abascal teñen que quedar fora, deixar de construír e decidir esta sociedade excluínte que é a que lles gustaría a eles. Por todo isto e por moitas máis razóns todo o seu apoio á moción do PSOE.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que o grupo municipal do PP de Ordes sinte, pensa e traballa respectando a diversidade sexual, o dereito das persoas a vivir con liberdade a súa orientación sexual e a súa identidade de xénero. Non estigmatizamos, nin discriminamos a ninguén, condenamos a LGTBIQfobia e apostan pola tolerancia, respecto e dignidade das persoas tal e como vimos asinando ano tras ano a Declaración institucional que se aproba todos os anos coincidindo co día internacional do colectivo LGTBIQ. Consideramos que en Ordes todos son benvidos. Nos implicamos de xeito especial en protexer e promover os dereitos das persoas máis vulnerables pertencen ao colectivo que pertencen. Somos europeos. Están totalmente de acordo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (8 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE, Sr. Iglesias Vieites, Sr. Fernández Louro e Sr. Ribadas Gómez), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- O Pleno da Corporación declara o Concello de Ordes como zona de liberdade para as persoas LGTBIQ.

2.- O Concello de Ordes comprométese coas políticas públicas para promover e protexer os dereitos das persoas LGTBIQ.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, a Sra. Alcaldesa en funcións abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 40

formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que formula os rogos seguintes.

- En plenos anteriores xa solicitamos a reparación das beirarrúas da rúa do Recreo, que cada día están en peores condicións. Xa non se trata dunha cuestión de estética senón que supoñen un risco para todos os viandantes que as transitan. Sabemos que a competencia da Deputación pero cremos que o Concello, mentres non se executen as necesarias obras, debe realizar un arranxo provisional para previr posibles riscos para a integridade das persoas.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se arranxen, polo menos, de forma provisional.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí volvemos a ter un exemplo da magnífica xestión da Deputación Provincial, como trata aos veciños de Ordes. Esta beirarrúa que levamos demandando, non so por parte súa, senón cun proxecto dende o ano 2016 e con múltiples peticións e rogos dende o ano 2015. Hoxe púxose en contacto co vixiante da zona e comprometeuse con el en que a partir do 16 de agosto que se incorporará das súas vacacións vai a tratar de facer o posible para facer estas reparacións. Van a darlle unha marxe de confianza. O trato é excepcional. Senón seguira insistindo ao respecto e senón queda outra solución xa buscarán maneira de facelo eles.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que están de acordo, ven ben que se arranxe, xa o pediron fai tempo, a culpa é da Deputación a vía pertence a eles. O Alcalde tería que ter feito algo, polo menos suxeitas as baldosas soltas. Alégrase de que se vaia a arranxar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o seu derradeiro rogo remitiuse o 26/11/2020, o mesmo que lle fan a vostede llo fan a el. Se hai un percance a responsabilidade é da Deputación Provincial. Avisos centos, caso ningún. Non so nesta situación. Tanto veñen algúns a queixarse do desbroce e como teñen as vías abandonadas dende setembro de 2020 non o din, iso esquenceulles, non volveu a pasar un tractor polas vías da Deputación Provincial no concello de Ordes dende o 2020. As peticións destes arranxos múltiples. Mire o que aconteceu no nº 110, na outra marxe que estivo un muro cunhas vaías da Deputación Provincial practicamente un ano e medio. Mandaron doce peticións ata que o arranxaron. Ese é o trato que nos



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 41

dan. As veces ten que estar á vista para que os veciños se den conta do que acontece con ese mal goberno cos veciños de Ordes.

Está de acordo que se lle pertence á Deputación o ten que facer ela. Pero habería que mirar pola seguridade da xente, fixar esas baldosas, levan moito tempo deterioradas, non custa nada antes de que pase algo. Non creo que lle porían ningún impedimento para que realizasen esas labores de arranxo provisional. Se me di que en agosto se soluciona o acepta. Xa se podía ter solucionado, os veciños non teñen culpa dos problemas entre administracións. Aos veciños non lles interesa a política, o que lles interesa é que estea arranzado iso e que non corran ningún risco. Xa o trouxeron dúas veces, pedían tamén o arranxo provisional.

Intervén o Sr. Alcalde, que reitera que ten a palabra do vixilante, non é o que toma as decisións. Vamos esperar ata o día 16.

- Un grupo de afeccionados/as á práctica do tenis leva reclamando, dende hai tempo, a construción dunha nova pista de tenis. A única pista descuberta existente no municipio encontrábase nas inmediacións do colexio Campomaio e foi destruída para levantar no seu sitio o novo ximnasio. Debido a isto moitos veciños/as vense na obriga de desprazarse a outros Concellos para poder practicar este deporte.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se constrúa unha nova pista de tenis xa que o noso Concello non conta con ningunha instalación deste tipo dende que se eliminou á anterior e non se aportou ningunha solución ao problema dende o goberno municipal. Rogamos que se estude tamén a posibilidade de crear unha pista de pádel.

Intervén a Sra. Soneira Liñarez, concelleira delegada de deportes, que sinala que son coñecedores que neste tipo de instalación teñan unha eiva. A día de hoxe non hai en Ordes terreos aptos para poder destinalos a este uso. Unha vez que o PXOM estea aprobado definitivamente, xunto coas negociacións iniciadas para a adquisición dos terreos, si será posible esta opción. Na actualidade temos tres pistas de tenis cubertas, nos pavillóns Castelao II, Campomaio e Mesón do Vento e unha pista descuberta no Campomaio, situada entre o pavillón e o colexio. Tamén teñen dúas descubertas habilitadas para xogar en Parada e Vilamaio. A pista de pádel farase un estudo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que este rogo llo fixeron chegar un grupo de afeccionados. Esa pista tiña bastante afluencia. Pedían que no pobo polo menos houbera algo. As pistas dos pavillóns o solo que se lle votou agora transmítenlles que non é válido para o tenis. Se poden estudar a pista de pádel, tamén hai moito afeccionado, agora en Ordes non hai onde realizar este deporte.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 42

PSOE, que formula os rogos seguintes.

- Ante a grande acumulación de escombros no lugar da Grela (Parada) producida polas obras que se acometeron na vía do tren, hai unha “nova paisaxe” nesta zona. Conscientes da imposibilidade de retirada da montaña de residuos e vexetación, e dado que hai moito tempo que non se realiza unha limpeza.

Solicitamos ao señor Alcalde:

A limpeza e desbroce da zona que chega incluso a achegarse ás propiedades da veciñanza ante a preocupación destes

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso é titularidade de Adif, daranlle traslado. Alí hai que meter unha pala. Insistirán a ver se dunha vez por todas acondicionan a parcela.

- Ante a acumulación de escombros nas proximidades ao campo de fútbol de Vista Alegre.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se leven a cabo as accións necesarias para a retirada e limpeza da zona e evitar que se converta noutra illa de escombros e vexetación incontrolada, sendo ademais unha zona de tránsito tanto peonil como de tráfico rodado

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se trata de fincas particulares, pedirán o informe da policía local, despois tramitaranse os expedientes de limpeza.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na publicación do 21/07/2021 da páxina web municipal, figura unha imaxe da actuación que pretende efectuar o goberno municipal nas rúas do Mediodía e Víctor González Faya.

Desde o BNG botamos en falta que non se fagan esforzos para que as intervencións que se están efectuando sobre as rúas do noso concello, contén con espazos verdes e con arborado.

A implantación destes espazos verdes e do arborado nas rúas ten varias finalidades, destacando reducir o efecto illa de calor, mellorar a estética urbana, reducir o ruído e os deslumbramentos, servir de barreira protectora dos peóns fronte ao tráfico rodado, rexenerar a calidade do aire actuando como sumidoiros de CO₂, así como diminuír a escurrentía das augas pluviais a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 43

través da interceptación e da evapotranspiración.

Outra boa práctica que se recomenda nos manuais de urbanismo, é a disposición dun pavimento permeable nas zonas de estacionamento dos vehículos, que permite reducir a escorrentía notablemente xa que poden recibir e infiltrar as augas pluviais ao chan (procedente dos pavimentos impermeables lindeiros, especialmente beirarrúas e asfalto). Ademais, cabe ter en conta que ao tratarse dun pavimento distinto ao da calzada, pode producir unha sensación de rúa estreita o que contribúe a ter un tráfico mais tranquilo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que no proxecto que se redacte para actuar nas rúas do Mediodía e Víctor González Faya, se procure establecer espazos axardinados e zonas con arborado.

A que no proxecto que se redacte para actuar nas rúas do Mediodía e Víctor González Faya, se doten ás zonas de estacionamento dun pavimento permeable que contribúa a reducir a escorrentía de pluviais polas mesmas, tendo en conta os problemas de asolagamentos que se veñen producindo na zona ao longo dos últimos anos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ponlle como exemplo a rúa do Muíño onde se crearon zonas verdes e se meteu novo arborado que antes non existía. Oxalá tiveran viais con 14, 16, 18 ou 20 m de sección que serían os ideais para facer este tipo de actuacións. Non é o caso da maioría na Vila de Ordes. En canto a esta actuación o primeiro é agradecer o importante esforzo da Xunta de Galicia para aportar o 70 % da financiación dunha obra cun investimento de 450.000 €. Que vai a ser unha realidade se todo vai ben no remate da primavera en 2022. O proxecto xa foi redactado e aprobado, conta cos informes sectoriais vinculantes favorables da Deputación, Fomento, Patrimonio e Patrimonio Natural da Xunta de Galicia. A obra vai a executarse tal é como foi redactado o proxecto. Un dos obxectivos principais e renovar a rede de saneamento e abastecemento, facer beirarrúas máis anchas, garantir a mobilidade e continuar con ese intento de plan de mobilidade urbana sostible que nos vai a permitir acceder a fondos europeos. A curto prazo chegar co carril bici ata o centro da vila ata o parque da Constitución e incluso enganchalo co paseo Ramiro Recouso Liste, enganchalo co rolda leste cando se consiga a rotonda do p.q. 37. Deulle traslado disto ao supervisor da Xunta de Galicia, que van a levar a dirección da obra. non sabe se vai a ser posible facer un modificado do proxecto na data na que estamos por que xa se vai a comezar coa licitación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que roga que o teñan en conta, agora temos a oportunidade de facelo, non se vai andar levantando as beirarrúas. E o momento de intentar deixalo ben cando se fai unha actuación de importancia. Para dispor dun pavimento impermeable ou non, non inflúe para nada o ancho da rúa. O pavimento permeable na zona de estacionamento permite infiltrar auga no terreo. En rúa Mediodía recóllense as augas pluviais dun montón de rúas, despois chega o mes de setembro e pasa o que pasa que aparecen locais inundados. Poñer arborado pódese



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 44

estudar. Na rúa Mediodía pode ser complicado, pero en rúa Víctor González Faya ao suprimirse un carril non é tan complicado. En rúa de Carnota cando se ampliaron as beirarrúas dun lateral había máis que espazo suficiente. En rúa do Muíño hai unhas xardiñeiras cara o río, pero en lugar dun mar de cemento podería haber unha zona intermedia con arborado. Rogamos que se estude. Vostedes son os que redactan o proxecto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle indica que se deu traslado a supervisión da Xunta de Galicia. O proxecto xa está aprobado. Non se trata de facer unha rúa nova. Xa ten uns determinados condicionantes, unha sub-base. Tarde piou, vostede que sabe con moita antelación o que se ten que facer neste concello ao grupo de goberno, puido ter avanzado xa este proxecto hai tres ou catro anos cando eles estaban iniciando os trámites para poder levalo a cabo nese momento.

- Na parroquia de San Paio de Buscás, a ponte de Pereira leva uns cinco anos derrubada, impedindo o acceso a fincas e a un muíño en ruínas.

A ponte existente na pista de Trillán, sufriu deterioracións este inverno pasado, o que levou á Policía local a establecer un precinto. Dito precinto está arrincado desde fai meses e maquinaria segue a circular pola ponte, que é de importancia para o acceso a fincas e montes da veciñanza, co correspondente risco de colapso.

A ponte do rego do Cabo, tamén sufriu deterioracións este inverno pasado, o que levou á Policía local a establecer un precinto. Trátase dunha ponte que da acceso a fincas particulares e a un lavadoiro público.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A enviar á Policía Local para revisar os precintos establecidos no seu día, así como a efectuar as sinalizacións, valados ou medidas adicionais que consideren oportunas.

A levar a cabo as xestións precisas para o arranxo e/ou reposición das citadas pontes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a ponte de Pereira, San Paio de Buscás, o informe da policía local de derrubamento é de 15/10/2018, non hai nin tres anos. Existe un acceso alternativo sinxelo, xa se analizou a actuación que hai que facer alí. Están en tramitación os informes por parte da asistencia técnico-urbanística. Non está prevista a súa execución a curto ou medio prazo. Está en previsión da súa execución unha vez obtidas as autorizacións sectoriais. A ponte da Pista de Trillán, preocúpalle máis, o proxecto foi feito en maio de 2017, ten informe favorable de Augas de Galicia, desfavorable de Patrimonio no ano 2018, pediu unha subsanación, informou desfavorablemente de novo en 2019. A día de hoxe séguese a negociar a ver como se pode resolver esa ponte. Non se pode deixar coa base que ten por que sería intransitable para o paso de maquinaria, habería que ter dúas pontes para paso de persoas e para o paso de maquinaria pesada. Está afectada en parte por protección



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 45

do camiño inglés polo que non permiten facer unha ponte como se fixo noutras actuacións como en Pereira, Lesta ou Vilamaior. Non é fácil buscarlle unha solución. A ponte de Rego do Cabo foi un desprendemento, non imposibilita poder acceder ás fincas, alí hai que instalar unha ODT. Tratarase de dar solución a esas fincas. Os informes de Augas están en tramitación. Van ao ritmo que van dende xaneiro de 2021. É unha pena que os veciños levanten os precintos. Se volven a desaparecer colocaranse unhas pedras para impedir o tránsito polas mesmas. Tómase en consideración o seu rogo.

- A ponte existente entre os núcleos de Esmorís e das Pombas, na parroquia de San Paio de Buscás, ten desfeita a varanda que protexe a caída ao río Cabrón, tal e como se amosa na fotografía que achegamos xunto ao presente rogo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as xestións precisas para dotar á citada ponte dunha varanda en condicións, que cumpra a súa función.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí a parte de que se aprecia que houbo roubos e marcharon con parte dos ferros debeu haber un accidente que danou a estrutura de soporte. Mandarán canto antes para a súa reparación. Tómase en consideración.

- Nas árbores da alameda do soldado Lois de Ordes, existe unha instalación eléctrica tendida nas polas das mesmas con diversos cadros eléctricos.

Non semella a mellor forma, a mais estética, respectuosa co medio ambiente, nin a mais segura (sobre todo en épocas de poda), para dispoñer este tipo de instalación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A proceder á retirada da citada instalación.

A levar a cabo as xestións precisas para dispoñer uns puntos axeitados con tomas eléctricas para as diversas necesidades que poidan xurdir na alameda, como poden ser actuacións ou actos. (Por poñer un exemplo, os citados puntos poderían ser tipo monólito, mediante nichos pechados con chave (hornacina en castelán), soterrando deste xeito as conducións).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o plantexamento o consideran adecuado, melloraría a seguridade. É unha pena que coa execución das obras de ampliación, como de colocación de lousas non se tivese en conta unha solución para o soterramento das conducións eléctricas. Facelo agora non é tan sinxelo polo custe que



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 46

supón. Xa se lle pediu á empresa unha solución alternativa tanto para o subministro do panel led como o subministro para o escenario que se pon no centro da Alameda na parte baixa. A solución máis fácil como indica e por un punto para a instalación xusto enriba onde está o transformador. Vaise analizar e ver se se pode executar á maior brevidade posible sen comprometer unha data.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en nome propio e en representación do Sr. Fernández Louro e do Sr. Ribadas Gómez, concelleiros non adscritos, que formula a pregunta seguinte.

- En datas recentes viron que nas redes sociais do Concello o Alcalde mantivo unha reunión coa Garda Civil e a policía local para o reforzo da vixilancia e o control do cumprimento das normas sanitarias.

¿Que medidas concretas se van a tomar para poder reforzar a vixilancia e control?.

¿Que acordos se acadaron?.

¿Vaise ampliar o horario da policía local?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se remite ao comunicado. Ás indicadas optimizar e coordinar os servizos diurnos e nocturnos das FFCCSS reforzando a vixilancia e o control do cumprimento estrito das medidas sanitarias establecidas vixentes de carácter estatal e autonómico. Non hai que ampliar ningún tipo de horario por que cumpren co estipulado. Están a facer o horario nocturno os fins de semana conforme veñen facendo habitualmente no verán.

Intervén o Sr. Vidal, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes.

- Hai uns meses, procedeuse á pavimentación dun tramo do Camiño Inglés entre Buscás e Pulo, concretamente o existente xusto antes da mouteira correspondente ao quilómetro 31,914. material empregado semella unha mestura de cemento, saburra (mais coñecido como “zahorra”) e gravas.

No pleno ordinario do mes de xuño, preguntouse ao respecto deste asunto, recibindo como resposta que “non se ten constancia desta actuación”, manifestando a intención de efectuar averiguacións.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 47

- ¿Quen levou a cabo esta actuación?.
- ¿Dispón das correspondentes autorizacións e informes do organismo competente en materia de patrimonio?.
- ¿Opina que acada un axeitado nivel de integración?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non saben que levou a cabo a actuación. Entende que se encadra nas actuacións de conservación que todos os anos se executan na traza do Camiño Inglés. Non hai unhas repostas claras ás súas preguntas. Mandarán un escrito a Turismo. Desculpas non telo feito durante este mes. A ver o que nos poden aclarar, daránlle traslado da resposta para que teña coñecemento.

- Usuarios/as do centro de saúde puxéronse en contacto con este grupo municipal para informar da dificultade que están a ter para conseguir unha consulta médica, tanto telefónica coma presencial, chegando a ter que agardar ata 14 días.

Na imaxe que se achega pódese ver como dito paciente non ten cita ata o 10 de Agosto cando a cita se intenta conseguir o pasado martes 27 de Xullo.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

- ¿A que se deben estes retrasos na consecución de citas na atención primaria?.
- ¿Están a cubrirse as vacacións do persoal sanitario no Centro de Saúde e no PAC de Ordes?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que se incrementou exponencialmente o traballo do persoal médico polo aumento da petición de asistencia por causas varias. Non se cubren as vacacións por que hai falta de persoal, autocúbrense, prolónganse turnos, fan urxencias nos PACs. Cada médico atende dous cupos. Reitera o que dixeron con anterioridade, se coñece a médicos os contratan mañá. Non hai médicos, pasa en toda España, non so aquí.

- A ordenanza nº 24, reguladora sobre prantacións e repoboacións forestais, establece no seu artigo 8º que: “Co fin de garantir a conservación da rede viaria municipal e evitar risco de accidentes, será necesario solicitar autorización para as operacións de carga e descarga, o seu transporte e depósito de madeira procedente da tala que se realice nas prantacións existentes neste Municipio. Na solicitude especificarase a situación da finca onde se vai a sacar a madeira cortada, lugar de almacenamento, os camiños ou vías públicas por onde se realizará o transporte, as características dos vehículos a utilizar, así como os días previstos para o mencionado transporte, adxuntando fotocopia do permiso de tala da administración forestal cando este sexa necesario. A autorización municipal para o transporte e almacenamento será obrigatoria e gratuíta, no obstante, o madeirista deberá ingresar na



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 48

Tesourería municipal unha fianza, cuxa contía determinará o técnico municipal, para responder polos posibles danos e prexuízos na rede viaria, que non será devolta ata que se comprobe que no se causaron danos ou prexuízos ás vías públicas municipais...”

No pleno ordinario do mes de xuño, efectuada esta mesma pregunta a voceira do goberno sinalou que “hai poucas”, sen chegar a responder á pregunta.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Cantas autorizacións, coas súas respectivas fianzas, para operacións de carga e descarga, transporte e depósito de madeira procedente de tala, foron tramitadas no que levamos de ano?.

¿Cantas foron tramitadas no que levamos do presente mandato?.

¿Qué labores de vixilancia está efectuando o goberno municipal ao respecto para garantir o bo estado das pistas unha vez extraída a madeira, toda vez que son “poucas” as autorizacións tramitadas e as fianzas depositadas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a resposta é que hai poucas, non estaba mal respostado. Quere saber cantas, hoxe houbo que facer unha labor importante unha funcionaria para ofrecerlle unha serie de datos. non lle garante que sexan correctos, non é fácil facer a búsqueda por que hai solicitudes presenciais e telemáticas, e está de vacacións o funcionario que as tramita. Fianzas dúas. Solicitudes no 2021 cinco, no 2020 dúas, no 2019 unha. Fíase dos datos que lle pasaron. Son poucas. Dende o pasado mes hai unha aplicación do Medio Rural para as solicitudes de corta. O funcionario municipal vai a facer un seguimento destas máis continuo. O cadro de persoal é o que, non é suficiente para estar pendente das xestións dos madeiristas. As labores de vixilancia son moitos, en primeiro lugar dos veciños que dan a alerta, informes da policía local dous ou tres de maneira mensual, especialmente na época invernal datas nas que xa non deberían estar os maderistas traballando. Non poden opoñerse por que sería ir en contra dos veciños que teñen vendida a madeira e teñen que proceder á súa retirada. Quere facer unha defensa dos maderistas, é certo que en determinados lugares hai danos que xa comunican eles mesmos e se comprometen xa coa policía local ao seu arranxo. Cando as condicións son máis óptimas a policía local está máis vixilante. O concelleiro delegado do medio rural está en contacto cos maderistas da zona. Nun porcentaxe alto deixan as pistas no estado no que estaban con anterioridade.

- O colexio profesional de xornalistas de Galicia, remitiu unha carta ao alcalde de Ordes na cal amósase crítico coa modificación da RPT, ao atribuírlle labores claramente informativos ao denominado como posto de “informático”, como o tratamento, a elaboración e difusión de información, que deberan ser levadas a cabo por un profesional da comunicación.

Visto o informe de secretaría efectuado para o punto da orde do día número catro da presente sesión plenaria, na que se debaten as alegacións sobre a aprobación da modificación da relación de postos de traballo do concello de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 49

Ordes.

É polo que preguntamos o seguinte:

¿Quen é a persoa que está a elaborar o contido das publicacións que se efectúan na páxina web do concello de Ordes, así como nas redes sociais oficiais do concello de Ordes?.

¿Quen é a persoa que está a elaborar as notas de prensa do concello de Ordes sobre o acontecido nos plenos da corporación municipal?.

¿Quen é a persoa que está a efectuar as fotografías e a captación de imaxes para as citadas publicacións?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vamos a aclarar o que dixemos antes. O que se remitiu foi un correo electrónico, vostede di unha carta. Non son as formas. Despois o Alcalde de Ordes enterase antes pola prensa que polo propio email. Aquí algo non cadra, non opera ben, non sabe cales son os intereses escuros nesta cuestión. A ese correo ten acceso máis xente. Esas non son formas para empezar. A elaboración das publicacións relativas a información administrativa fana os técnicos municipais. En relación ás actividades a mesma resposta. En función de quen leve as diferentes actividades nos distintos departamentos do concello tamén elaboran a documentación correspondente. Na libre exercicio da súa función o xornalista pode elaborar todas e cada unha das notas de prensa que teña a ben facer e dar traslado para que se publiquen na web e nas redes sociais. Pódello acreditar por escrito cando queira. A elaboración das notas de prensa do acontecido nos plenos da corporación municipal cando asiste ao traballo a persoa de comunicación, senón o facemos dende o concello como mellor podemos. No ano 2020 esta persoa do gabinete de comunicación non asistiu ao traballo cincuenta e nove días. No ano 2021 estamos a 29 de xullo asistiu corenta e seis días. Pero curiosamente so asistiu catro venres. Os plenos normalmente son os xoves. Entón é complicado que as poida facer cando non se asiste ao traballo. A persoa que está a facer as fotografías e captación de imaxes o periodista se o ten oportuno, senón o técnico que proceda en cada caso ou integrantes do goberno.

- No pleno da corporación municipal celebrado o pasado 24/06/2021, o grupo municipal do BNG de Ordes presentou un rogo no cal ante o coñecemento nas últimas horas sobre o peche da oficina de Abanca do Mesón do Vento, programado para o 21/07/2021, instábase ao alcalde a promover un manifesto entre tódolos grupos políticos con representación na corporación municipal en contra do peche da oficina que Abanca Corporación Bancaria SA dispón no Mesón do Vento, así como a solicitar e promover unha reunión con responsables de Abanca Corporación Bancaria SA, para tratar de revocar a decisión.

Na intervención da voceira do goberno, destacou que o pasado 03/06/2021 “celebrouse unha videoconferencia na que por parte do concello tratouse de defender o interese polo mantemento da oficina”.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 50

É polo que preguntamos o seguinte:

¿En que data foi coñecedor o goberno municipal de que Abanca Corporación Bancaria SA pretendía o peche da súa oficina no Mesón do Vento?.

¿Por qué motivo o goberno municipal non puxo en coñecemento da corporación municipal e da veciñanza esta situación con anterioridade, se cando menos o día 03/06/2021 era coñecedor da mesma?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que quere aclarar o malentendido que houbo na súa resposta. A culpa é súa. Logo da información que lle pasou o Alcalde que ese día non puido acudir por motivos persoais. Contestou un pouco inducida pola súa pregunta. Sabía que houbo unha reunión con Abanca o día tres, que se produce todos os anos, que este ano se fixo por videoconferencia, á que tamén asistiu a tesoureira municipal. Comprobou con posterioridade que nesa reunión en ningún momento se falou do peche da oficina, non se tratou nada con respecto á oficiña do Mesón. Pídelle desculpas, foron uns días caóticos, o malentendido foi seu. O coñecemento da decisión da entidade chegou ao concello por parte da veciñanza, coincide co luns ou martes da semana do pleno. Desde ese momento o Concello sempre tratou de defender o mantemento da oficiña, como está a acontecer noutros concellos en diferentes puntos de Galicia. É certo que a resultados do encontro do pasado dezaseis de xullo co Delegado territorial da Coruña Sur, xuntanza á que asistiu acompañando ao Alcalde, acadouse unha resposta telefónica o vinte de xullo, contestando que se comprometía ao mantemento do caixeiro automático, que inicialmente na reunión do dezaseis de xullo non valoraban manter.

- Segundo ven de denunciar este mes de xullo CIG-Ensino, a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza, programou peche de aulas e supresión de profesorado nunha trintena de colexios, entre os cales se atopa o CEIP ADR Castelao do noso concello.

É polo que preguntamos o seguinte:

¿O concello de Ordes fixo algunha consulta ao respecto?.

¿En que cursos se vai a reducir e cal vai ser o número de alumnos/as por aula?.

¿Cómo é posible que no curso que ven de rematar fose necesario acometer a creación dunha aula a maiores con 14 alumnos/as, coa correspondente contratación de profesorado, para agora ter que suprimir profesorado de cara ao curso que ven?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o CEIP non se puxo en contacto en ningún momento, a raíz deste rogo preguntou ela. O CEIP non ten ningún coñecemento ao respecto, o concurso provisional saíu antonte. É certo que faltaba nomear un profesor provisional, chamou á Inspección e díxolle que non había ningunha intención de suprimir aulas. Non pode contestar a



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 51

segunda pregunta, non a pode contestar tampouco o CEIP. En canto á terceira pregunta, hai que ter en conta unha cousa. O ano pasado empezaron sesenta e tres alumnos e este ano e este ano solicitaron matrícula trinta e cinco alumnos de cuarto de infantil. Este CEIP sofre sempre moita muda de matrícula en setembro. Despois de acabar o prazo de matrícula ten un montón de solicitudes a maiores. Neste momento non hai ningunha aula ou mestre suprimido.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás **vinte e unha** horas e **cincuenta e sete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

José Luis Martínez Sanjurjo

(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO

Juan Luis González Iglesias